





00:00:07



AXENCIA
GALEGA
DAS
INDUSTRIAS
CULTURAIS

MEMORIA 2025

XUNTA
DE GALICIA

REALIZACIÓN Axencia Galega das Industrias Culturais

DESEÑO GRÁFICO Fausto Deseño Asociados

FOTOGRAFÍAS Mónica Arcay, Arxina, Aigi Boga, Javier

Bragado, Paula Cermeño, Rocío Cibes, Xoán Crespo,

Daniel Fernández, Sabela Eiriz, Tamara de la

Fuente, Garabato Photo, Julia González Yáñez,

Pol González Novell, Gorkarcophoto, LaDiapo,

Ana Martín, Iván Martínez, María Messeguer,

Miramemira, Mattias Monsterkid, Andrea

Morandeira, Jaime Olmedo, Cris Padín, Píxelín

Photo, Amelia Poyato, Vanessa Rábade, Erea Rivero,

Andrea Rodríguez, César Seijas, Sabela Souto, Quim

Vives, Anxo Xirando, Ana Yáñez, cesións externas e

arquivo da Axencia Galega das Industrias Culturais

Santiago de Compostela, 2026

AGADIC

Axencia Galega
das Industrias Culturais

MEMORIA 2025

Axencia Galega das Industrias Culturais

Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude – Xunta de Galicia

Cidade da Cultura de Galicia. Monte Gaiás, s/n

15707 Santiago de Compostela

Tel: + 34 881 996 078 / 077

agadic@xunta.gal | <https://industriasculturais.xunta.gal>



Coa edición do quinto libro-memoria de actividade de 2025 que presentamos, a Axencia Galega das Industrias Culturais suma xa un lustro achegándonos o detalle da ampla actividade de acompañamento que desenvolve en beneficio do noso sector cultural. Son medidas destinadas directamente aos profesionais, pero que acaban repercutindo en todos nós, como consumidores dos produtos e servizos que estes nos ofrecen. Xustamente a nosa dobre finalidade é fornecer o tecido empresarial e amplificar a oferta cultural e creativa de cara á cidadanía.

A través dos distintos balances, ano a ano podemos comprobar a importancia do apoio institucional, pero, sobre todo, tomar conciencia da riqueza e da calidade das propostas que o audiovisual, a escena e a música con selo galego poñen nun mercado cambiante e cada vez máis global. Os numerosos recoñecementos a nivel nacional e internacional que están a recibir os nosos artistas así o demostran, ao igual que o seguimento do público que é cada vez maior e máis fiel.

Isto fainos ser sabedores, en definitiva, do enorme talento creativo que hai en Galicia e que temos a fortuna de desfrutar a través das múltiples iniciativas de difusión que impulsamos para chegar a todo o territorio, con especial atención ao rural e de xeito máis intenso no verán. O fomento da accesibilidade a todos os niveis presidiu, como nunca antes, a actividade durante 2025.

A nova campaña *Para gustos, cultura*, que inauguramos para a época estival e que en 2025 ofreceu máis de 1.300 accións vencelladas a ciclos de artes escénicas, música, maxia, circo ou produción audiovisual, é boa mostra desta aposta pola diversificación e descentralización, en consonancia coa Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia, que entrou en vigor precisamente neste exercicio que debullamos.

Nas seguintes páxinas poderedes coñecer polo miúdo os resultados desa aposta e da súa materialización con medidas concretas de apoio á creación, á difusión, á formación e á innovación. Uns resultados que non serían posibles sen o bo facer e a contrastada capacidade dos profesionais do noso sector cultural, o seu elevado grao de excelencia técnica e artística, e a súa cada vez máis firme posición nunha industria que, ademais de ser un pilar da nosa identidade, demostra ser a mellor embaixadora da marca Galicia Calidade, para orgullo de todos e todas nós.

José López Campos

CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

Como cada ano, botamos a ollada atrás para facer balance do noso labor de acompañamento á industria cultural galega no seu firme camiñar, co obxectivo de contribuír tanto á súa consolidación e mellor coñecemento dentro do país como á súa proxección exterior, así como á apertura de novos horizontes creativos. Neste marco de acción activamos diversas medidas de apoio, entre as que figuran liñas de subvencións e redes de difusión, ademais dunha intensa programación formativa e divulgativa, tanto a través dos nosos centros propios como en colaboración con outras entidades, públicas ou privadas, e colectivos vinculados ao sector. ■

Así, as diferentes concesións de axudas dirixidas de xeito específico ao audiovisual, á escena e á música mobilizaron en 2025 máis de 8,5 millóns de euros para impulsar máis de 300 proxectos.

A través destas medidas, o sector audiovisual recibiu 6,5 millóns de euros para 168 propostas. Cómpre destacar, tanto pola importancia para o sector como polo investimento que representan, as liñas de apoio á produción e á atracción de rodaxes, dotadas con tres e dous millóns de euros respectivamente.

Trátase, ademais, de convocatorias cun efecto dinamizador noutros sectores económicos mediante o apoio a proxectos cada vez máis competitivos, moitos deles con importantes recoñecementos nacionais e internacionais. En 2025 tivemos o máximo expoñente disto co filme *Sirât*, do director Oliver Laxe, que logrou o Premio do Xurado en Cannes e iniciou o seu camiño cara aos Óscar, onde fixo historia ao obter dúas candidaturas finalistas: as de mellor película internacional e mellor son.


Pola súa banda, a escena galega beneficiouse de 1,6 millóns de euros que permitiron impulsar 86 proxectos. Neste caso queremos poñer o foco no apoio á creación, con axudas que reforzaron a súa dotación ata os 870.000 euros para cofinanciar a produción de 30 novos espectáculos. No eido da música, cuns 500.000 euros de investimento distribuído entre 66 accións, destaca polo seu carácter novidoso a convocatoria destinada a apoiar de xeito integral as carreiras de artistas e grupos que desenvolven a súa actividade habitual en Galicia, dotada con 150.000 euros.

A maiores, os circuitos de exhibición encheron ao longo de todo o ano, e especialmente no verán, o territorio galego de múltiples propostas culturais de diferentes estilos e para todas as idades. A Rede Galega de Teatro e Auditorios, Cultura no Camiño, Danza 3, a Rede Galega de Música ao Vivo e a Rede Galega de Salas, no eido escénico e musical, xunto á Fimoteca de Galicia e a súa programación estendida, súmanse cada exercicio a outras moitas posibilidades de gozar da cultura nas que tamén colaboramos, como son os festivais de cada ámbito e outras iniciativas impulsadas polo sector co noso apoio.

En canto á difusión exterior, seguimos apostando por unha cada vez maior presenza dos nosos artistas e das súas obras tanto no eido nacional como internacional. Como mostra están a incorporación do Centro Dramático Galego á Unión de Teatros de Europa, a formalización do acordo para que Galicia forme parte de xeito normalizado da programación musical de *AIEnRUTA-Artistas* ou o incremento do crédito das subvencións para a comercialización e difusión exterior de proxectos e obras audiovisuais e videoxogos.

De todo isto e moito máis damos conta nas seguintes páxinas, poñendo de manifesto o intenso labor desenvolvido non só por nós, como administración competente, senón polo conxunto do sector cultural galego que é quen efectivamente crea, produce e fai chegar á sociedade algo máis importante que un produto ou un servizo: un sentimento de identidade e de orgullo polo feito en Galicia.

Por este motivo, como se pode ver nesta Memoria 2025, centramos os nosos esforzos en manter e mesmo darlle un maior pulo ao que funciona, pero sobre todo en innovar e abrir novas vías de apoio. E facémolo sempre da man dos profesionais do audiovisual, da escena e da música, cos que estamos en permanente escoita e diálogo, xa que eles e elas son quen mellor poden canalizar as súas necesidades e as demandas do público, destinatario final dun traballo ao que, desde a Xunta de Galicia, satisfainos ter contribuído a materializar.



AGADIC
MEMORIA
2025

A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) iniciou a súa traxectoria en 2008 como axencia pública autonómica adscrita á consellería da Xunta de Galicia con competencias en materia de cultura.

De acordo coa súa Lei de creación (4/2008, do 23 de maio) e co seu Estatuto (Decreto 150/2012, do 12 de xullo, modificado polo Decreto 53/2021, do 18 de marzo), ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego, cooperando na achega de factores produtivos, no fomento da oferta de bens e servizos e na asignación de ingresos suficientes e estables.

As súas competencias esténdense á totalidade das actividades culturais desenvolvidas por creadoras e creadores individuais e por empresas, na procura dunhas industrias culturais dinámicas, competitivas e innovadoras. Neste sentido, leva a cabo diferentes liñas de traballo encamiñadas a dotar de maior estabilidade o sector, optimizar a xestión empresarial nos procesos de produción e distribución, dinamizar o mercado interior e promover a proxección exterior da cultura galega.

Destacan entre estes eixos de actuación, as convocatorias anuais de subvencións ás industrias culturais, a xestión de circuítos estables de exhibición de espectáculos e as iniciativas de difusión da cultura galega fóra das nosas fronteiras, sen esquecer o labor de produción, programación e formación continua que leva a cabo a través do Centro Dramático Galego, Centro Coreográfico Galego e FilMOTECA de Galicia.

Axencia Galega das Industrias Culturais

CONSELLO REITOR

Presidente

José López Campos

Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia

Vogais

Jacobo Sutil Nesta

Director da Axencia Galega das Industrias Culturais

Elvira María Casal García

Secretaria xeral técnica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Anxo M. Lorenzo Suárez

Director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

José María Barreiro Díaz

Director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública

Covadonga Toca Carús

Directora xeral do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) da Consellería de Economía e Industria

ORGANIGRAMA

DIRECCIÓN

Jacobo Sutil Nesta

COORDINACIÓN XERAL E XERENCIA

María Á. Antón Vilasánchez

DEPARTAMENTO DE XESTIÓN

María José Felípez Regueira

DEPARTAMENTO DE FOMENTO E PROMOCIÓN DE POLÍTICAS CULTURAIS

María Teresa de Arcos Rey

DEPARTAMENTO DE POLÍTICA AUDIOVISUAL

María Dolores Meijomín Rodríguez

DEPARTAMENTO DE PRODUCCIÓN TEATRAL

Francisco Javier Núñez Alonso

DEPARTAMENTO DE MÚSICA E DANZA

María del Pilar Portela Vázquez

Sumario

19

1 | Audiovisual

- Apoio á creación
- Apoio á difusión
- Formación e divulgación
- Atracción de rodaxes
- Outras accións

45

2 | Escena

- Apoio á creación
- Apoio á difusión
- Formación e innovación
- Outras accións de dinamización
- Producións e coproducións

71

3 | Música

- Apoio á produción
- Apoio á difusión e distribución
 - FESTIVALS
 - SALAS DE CONCERTOS
 - OUTROS CIRCUÍTOS DE DIFUSIÓN
- Formación e innovación
- Plan Estratéxico da Industria Musical
- Outras accións de internacionalización e promoción
 - GALICIAN TUNES

91


4 | Accións transversais

- Territorio Cultura
- Culturalgal
- Outras accións

101



5 | Anexos

- 1. Liñas de subvención
- 2. Convenios
- 3. Programación de espectáculos





1 | AUDIOVISUAL





Durante 2025 traballamos co obxectivo de seguir sendo axente determinante no desenvolvemento do noso audiovisual e favorecer así a continuidade do magnífico momento creativo e empresarial que está a vivir. Ao tempo, seguimos a senda do apoio extraordinario disposto no período 2021-2023 polo Hub Audiovisual e da Industria Cultural Galega para reducir os efectos da pandemia e polas liñas específicas de axudas postas en marcha en 2023 e 2024. Neste sentido, consolidamos ou reforzamos as diferentes liñas de axudas, entre as que destacan as destinadas á produción e coprodución e á atracción de rodaxes. ■ Co conxunto de todas elas queremos facilitarles ás empresas e profesionais un impulso económico que lles permita afrontar con solvencia e calidade os momentos clave do proceso audiovisual, desde a creación ata a chegada ás pantallas de longas e curtas cinematográficas, series e películas para televisión e plataformas, e videoxogos. ■ Precisamente os videoxogos foron destinatarios dunha nova medida que ofrece un apoio integral, no marco do noso compromiso cun sector que se viu referendado pola petición unánime do Parlamento de Galicia para que os videoxogos se inclúan como parte indispensable do sistema cultural galego.



1.1 Apoio á creación

As **axudas para produción e coprodución**, a nosa principal liña de investimento directo no sector, que nos dous anos anteriores incrementara o orzamento inicial de 2,5 millóns de euros a 3 millóns, consolidou en 2025 esta última dotación xa na propia convocatoria. Isto foi posible ao asumir a Xunta con fondos propios os 500.000 euros procedentes nos anteriores exercicios do Ministerio de Cultura a través do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais (ICAA).

O aumento da dotación en convocatoria única permitiu un incremento xeral dos importes máximos para cada proxecto. Ademais, estableceuse unha dotación de fondos exclusiva para cada tipo de proxecto, coa finalidade de diminuír a discrecionalidade nas adxudicacións, e reformuláronse as tipoloxías subvencionables, que quedaron distribuídas en cinco categorías segundo sexan longametraxes cinematográficas de ficción e/ou animación, de tipo documental, longas en coprodución internacional con participación minoritaria española, curtametraxes ou series para televisión ou plataformas baixo demanda.

Os criterios de selección seguiron moi relacionados co territorio en canto ás localizacións de rodaxe, os estudos ou os profesionais creativos, técnicos e artísticos implicados, pero tendo en conta ao mesmo tempo a calidade dos contidos e o seu potencial de circulación a nivel estatal e internacional.

A ampla variedade de propostas que poden optar a este financiamento permite manter un equilibrio para resultar accesible a todas as empresas que acrediten un ano de antigüidade na actividade, dándolles cabida tanto a propostas máis ambiciosas respecto ao seu deseño de produción e orzamento como a outras máis modestas economicamente, pero de grande interese artístico e cultural.

Proba disto témolo nas diversas propostas que chegaron ás pantallas neste ano tras ter financiamento por esta liña. Entre elas figuran *Sirât*, como un dos máximos expoñentes, xunto con *Antes de nós*, *Ariel*, *Onte á noite conquistei Tebas*, *As estacións*, *San Simón*, *As liñas descontinuas*, *Así chegou a noite* ou *Decorado*.

En 2025 financiamos a produción de 26 novos títulos de cinema e televisión, 10 longametraxes cinematográficas, dúas longas en coprodución internacional minoritaria, 12 curtametraxes e dúas series de televisión ou plataformas de vídeo baixo demanda.

Na listaxe de beneficiarias destacan os proxectos con equipos femininos e o uso maioritario do idioma galego nas versións orixinais. Ademais, oito das longametraxes beneficiáronse en anos anteriores das nosas axudas para a escritura do guión e para o desenvolvemento previo das tarefas de preprodución.

Na categoría de longametraxes, apoiáronse cinco proxectos de ficción con axudas de 300.000 ou 320.000 euros e outros cinco de xénero documental, con dotacións entre os 80.000 e os 120.000 euros.

Na modalidade de ficción atópase o *thriller* en español *Petróleo*, producido por Zuzú Cinema SL; *A morte nos teus ollos*, de Sétima S. Coop. Galega; *Merlo branco*, de Valen Arts Paraíso AIE; *Querer vivir un grito*, de Miramemira SL, e *Gloria e Olvido*, de Villamiseria AIE.



No referente ás películas documentais, todas en versión orixinal en galego, as subvencionadas foron *Nacenza*, de Matriuska Producciones SL; *As aspas*, presentada por Sétima S. Coop. Galega; *O da miña nai*, de Zeitun Films SL; *Toxo*, presentado por Tamboura Films SL e *Caso práctico*, de Somadrome Films SL.

En canto á categoría de coproducións internacionais con participación minoritaria española, a Xunta contribuíu con 160.000 euros para cada unha á realización de dúas películas en lingua portuguesa. Trátase de *Selvajaria*, na que participa a galega Filmika Galaika xunto a produtoras de Portugal, Brasil, Francia e Italia, e *Desgarrada*, coa implicación de Cósmica Produccións.

A serie de ficción *Ugeres*, de Miramemira SL en coprodución con Portugal, recibiu unha axuda de 260.000 euros, mentres que a serie documental *Destino próxima Centauri*, de Somadrome Films SL, contou con 100.000 euros de achega.

Finalmente, estas axudas cofinanciaron con 15.000 ou 20.000 euros a realización de 12 curtometraxes: *Nos lobos da terra* (Omen SCP), *Antes de nada* (Rebordelos SL), *La buena hija* (Jacobo García Fernández), *Canto dura unha montaña* (Sombriza Films), *Lenon* (Meridiano Films), *Avisa cando chegues* (Cristela Torres Nine), *Lache* (Algarabía Animación SC), *Noutro tempo* (Amateurfilms SL), *Señora Azul* (Gaitafilmes SL), *Nemeto* (Mala Herba Produccións), así como as curtas de animación *Terra* (Gonzalo Enríquez Veloso) e *Becho* (Artyc Content SL).

O **impulso á fase de preproducción** de filmes e series para cine e televisión cara á súa rodaxe en anos posteriores contou con 300.000 euros para o desenvolvemento de 14 futuros proxectos para cinema e televisión de 12 produtoras galegas, entre os que se atopan sete longametraxes de ficción, unha de animación, cinco documentais e unha serie de televisión.

As contías concedidas destínanse a tarefas anteriores á rodaxe dos títulos subvencionados, como a escrita do guión, asesorías, financiamento, venda e distribución, xestión de dereitos, investigación ou elaboración de materiais de promoción, entre outras.

Na categoría para futuras longametraxes cinematográficas de ficción, houbo tres propostas que tamén obtiveron subvención á escrita de guión: *Lamprea*, de Gaitafilmes; *A vella e o cocho*, producida por Jacobo García Fernández; e *A nena que quería ser Fred Astaire*, de Cósmica Produccións. Os outros catro títulos que recibiron a axuda foron *Adarna*, de Matriuska Producciones; *A hora azul*, de Frida Films; *Handen*, de Sétima S. Coop. Galega; e *Harmonía*, de Cristela Torres Nine.

Sandwich Cat, de Zeitun Films, foi o proxecto seleccionado na modalidade de animación, mentres que na de longas de cine documental resultaron beneficiarias *A terra das viúvas dos vivos*, de Cósmica Produccións; *Que é unha montaña?*, de Filmika Galaika; *A pel prestada*, de Meteórica Cine; *Mala hierba*, de Zeitun Films, e *A curva do tempo*, de Somadrome Films. Finalmente, na modalidade para series, recibiu axuda CTV para *Password*.

Na concesión destas subvencións téñense en conta aspectos referidos á promoción do novo talento e da igualdade no ámbito da creación galega, a autoría novel, a solvencia da produtora ou o impacto do

proxecto no sector audiovisual galego, así como a orixinalidade da proposta, a súa calidade e a traxectoria do equipo previsto.

A liña de **axudas á creación audiovisual para a promoción do talento galego** contou novamente cun orzamento de 176.000 euros para 11 novas curtas e longametraxes en versión orixinal galega. Trátase dunha das liñas de axudas máis lonxevas das que se convocan no seu ámbito a nivel autonómico coa finalidade de favorecer a incorporación da nova creación ao sector profesional. A través delas, buscamos dinamizar a xeración de propostas narrativas de especial valor cinematográfico e o enriquecemento cultural de Galicia mediante as distintas formas de expresión audiovisual, ao tempo que se facilita a súa función como instrumento para a promoción da lingua galega.

As tres longametraxes subvencionadas foron *Lección de botánica*, presentada por Animala Estudio Audiovisual, que xa contou cunha axuda anterior para o desenvolvemento da súa preproducción; *Os Salmos*, con Anna Kulyk na produción; e *Almas ao unísono*, con Madre Films.

As curtas en proxecto que contaron con axuda para a súa produción foron *Acusgramas e transgrafías*, de Belén Cordero Rodríguez; *Pedras*, de Martín Romero Outeiral; *Auras. Visións de cegueira*, de Nela Fraga Rivas; *Viaxe ao infinito*, de David Fidalgo Omil; *Ardente Garañón*, de Anxo Soilán Lage, e *A segunda man*, de Alba Domínguez Serén. En canto ás curtas xa en fase de construción, os títulos seleccionados foron *Quintana Martelo*, de Martela Films, e *Plumass*, de Cru Produccións.

A súa concesión atendeu a criterios de calidade e creatividade dos proxectos, viabilidade cinematográfica ou contribución cultural. No caso das propostas de posprodución de curtas e de produción de longametraxes, valorouse tamén o potencial de circulación das películas, así como o seu plan de lanzamento e de difusión.

A liña de axudas creada en 2024 para o apoio a **laboratorios, incubadoras e residencias de proxectos audiovisuais** convocouse novamente en 2025 coa finalidade de seguir favorecendo a solvencia e a calidade na posta en marcha de novas propostas para cinema e televisión no camiño cara á fase de produción e, xa que logo, a súa viabilidade artística, técnica e financeira. Entroncan, neste sentido, coas subvencións que vimos de detallar no marco do apoio á creación.

Distribuíronse 180.000 euros entre oito proxectos que xa contan con experiencia previa no seu ámbito e artículanse como propostas innovadoras para darlles resposta ás necesidades do sector e dos seus profesionais, ao tempo que apostan pola creación e produción galega.

Unha destas iniciativas é a plataforma internacional Ventura que, desenvolvida pola Asociación Cultural Enfoques e vinculada ao festival Play-Doc de Tui, se dirixe a cineastas e produtoras que centran o seu labor na realización de películas independentes cunha destacada visión artística.

As subvencións apoiaron o labor que levan a cabo neste eido outros festivais galegos. Trátase da (S8) Mostra Internacional de Cinema Periférico para a súa incubadora eSe8 LAB, a través da que organiza xornadas de titorías e asesoramento, residencias artísticas e unha aula de formación; e o Intersección



Festival Internacional de Cine para o Intersección Lab, que ofrece un espazo de asesoramento e apoio á creación para profesionais galegos da dirección, o guión e a produción.

Tamén resultou beneficiario o festival pontevedrés Novos Cinemas, que organiza Terra#LAB, un laboratorio para o acompañamento e desenvolvemento de proxectos dirixido a primeiras e segundas longametraxes de cineastas emerxentes, especialmente menores de 30 anos, e a III Residencia FICBueu na illa de Ons, un programa formativo multidisciplinar dedicado ao tratamento integral de curtametraxes na súa etapa de desenvolvemento.

Dentro das entidades sectoriais, a Asociación Galega de Profesionais da Dirección e Realización CREA recibiu apoio para o Conecta Lab e as súas actividades de acompañamento no proceso de creación, escritura e desenvolvemento de longametraxes e series; a Asociación Galega de Produtoras Independentes (Agapi) para o Agapi Impulsa Copros, un programa gratuito de asesoría personalizada para creadores e creadoras menores de 30 anos que queiran mellorar e orientar no seu financiamento proxectos de coprodución para cinema e televisión; e as Titorías AGAG para Mulleres Guionistas, coas que a asociación acompaña as profesionais do guión, especialmente noveis, para a escrita de proxectos en galego de ficción e programas de televisión.

En abril presentamos no Museo do Videoxogo de Galicia, en Cangas, a escolma dos oito proxectos subvencionados a través da nosa nova liña de axudas para o **desenvolvemento de videoxogos** cun investimento de 150.000 euros. Esta contía investíuse noutros tantos proxectos de selo galego co obxectivo de facilitar a chegada ao mercado de contidos feitos en Galicia e no noso idioma, ademais de favorecer a profesionalización e a creación de emprego por parte das empresas que traballan neste ámbito.

Os proxectos subvencionados foron *Gato*, do estudio de videoxogos accesibles Iseltec; *Macen-93*, de Aqueladas; *O noso pasar: a nosa fantasía*, de Melgo Cinema; *Portalén*, de Cristela Torres Nine; *Sandwich Cat*, de Testaferro; *Unicorn Wars*, de DEP Games, *Xerme*, de Acariño Games, e *subROV*. As contías outorgadas poden destinarse ás diferentes fases dos videoxogos cara á súa posta á disposición do público: desde a súa creación e desenvolvemento, ata a produción, edición, distribución e comercialización.

1.2 Apoio á difusión

A liña de apoio á difusión específica para **salas de cinema** lanzada en 2025 contou cunha dotación que ascendeu a 465.000 euros, un 22,36% máis que en 2024. Finalmente distribuíronse 271.500 euros entre 17 salas cinematográficas de carácter comercial, que suman máis de 70 pantallas en 14 localidades das catro provincias. Este ano a súa concesión seguiu un procedemento de concorrencia non competitiva, de xeito que se atendeu a totalidade de propostas presentadas para diversificar a oferta de contidos, fidelizar públicos e contribuír ao mantemento da actividade destes espazos.



Así, na provincia da Coruña subvencionáronse cinco proxectos desenvolvidos nos Cantones Cines da cidade da Coruña, Cines Bergantiños de Carballo, Duplex Cinema de Ferrol, e Multicines Compostela e Numax de Santiago de Compostela. En Lugo, apoiáronse as accións de Codex Cinema e Cristal Cines, na capital lucense, e de Cines Viveiro.

As salas incluídas na provincia de Ourense foron Cines Ponte Vella na cidade das Burgas, Novocine Leiro e Cine Gesma de Xinzo de Limia, mentres que Pontevedra sumou seis propostas con axuda: ademais dos Minicines Central da Estrada, Cines Avenida de Caldas de Reis, Cinexpo de Pontevedra, Cines Tamberlick e Multicines Norte de Vigo, e Cines Gran Arousa de Vilagarcía de Arousa.

Apoiamos así os espazos de exhibición para levar a cabo campañas de dinamización e captación de público, destacando as dirixidas ao infantil ou xuvenil e ao colectivo de persoas xubiladas. Tamén entran nesta liña as iniciativas relacionadas co cinema galego en programacións especiais ou regulares e as actividades como encontros ou presentacións que fomenten a interacción do público cos filmes, así como a promoción do cinema europeo ou de terceiros países con pouca representación nas salas comerciais.

Trátase de facilitar a sustentabilidade das salas da Comunidade fronte aos cambios de hábito de consumo, a irrupción das plataformas de vídeo baixo demanda e a dependencia de películas de grandes estudos non europeos, factores que condicionan a programación das carteleiras. Deste xeito, contribúese á permanencia e consolidación dos espazos cinematográficos como lugares de exhibición do audiovisual, recoñecendo a súa importancia como centros culturais representativos, socializadores e integradores, particularmente no caso das salas situadas fóra das cidades.

A colaboración cos **festivais galegos do sector audiovisual** consolidou a dotación da liña de axudas específica nos 300.000 euros en recoñecemento ao papel esencial que xogan dentro do sistema audiovisual galego e a prol da dinamización cultural, económica e turística das respectivas contornas.

A maioría dos 10 certames galegos beneficiados repiten como adxudicatarios deste apoio anual para contribuír á organización con carácter profesional de mostras xa consolidadas e que son consideradas estratéxicas para o sector, coa novidade entre eles de Curtas Festival do Imaxinario de Vilagarcía de Arousa.

20º MICE. Mostra Internacional de Cinema Etnográfico (12-16 de marzo). Impulsada polo Museo do Pobo Galego en Santiago de Compostela, exhibiu 13 filmes en concurso e máis de 40 proxeccións fóra do certame, así como actividades paralelas para todos os públicos. O foco temático reflexionou sobre o humor na ollada etnográfica, artellando os contidos das seccións Trazas e Impropias dedicadas á obra da guionista e directora letoa Laila Pakalnina.

Festival Carballo Interplay 2025 (24-27 de abril). A cita de referencia en contidos dixitais exhibiu 20 webseries de 12 países na sección oficial, ademais de volver congregarse referentes da cultura dixital



na Zona Pro. Nesta duodécima edición consolidouse o apoio do festival á creación en galego, dándolle visibilidade a unha ducia de proxectos, e ás actividades de temática social.

21º Play-Doc Festival Internacional de Documentais de Tui (7-11 de maio). Evento de referencia na difusión do xénero documental a nivel estatal, incluíu 12 títulos na sección competitiva galega, ademais da presentación de tres títulos galegos en distintas fases de desenvolvemento. Na competición internacional volveu programar cineastas que apostan polo risco formal e a experimentación. A programación completouse con espectáculos e encontros profesionais.

22º Festival de Cans de Curtametraxes (20-24 de maio). Organizado pola Asociación Cultural Arela na aldea do Porriño da que toma o nome, ofreceu 120 filmes, 40 deles estreos en Galicia, e moitos deles con temáticas como o despoboamento, a memoria ou a identidade rural. A música volveu ter un forte peso no programa e tamén pasaron polo festival novas voces do audiovisual galego e cineastas xa consagrados. Ademais, homenaxeouse a Alfonso Zarauza.

(S8) 16ª Mostra Internacional de Cinema Periférico (3-8 de xuño). Organizada pola ESE8 en diferentes localizacións da cidade da Coruña, sumou 112 obras en proxección e a participación de 60 cineastas de 15 países, convertendo a cidade no centro mundial do cinema experimental e de vangarda. Incluíu máis títulos realizados por mulleres, máis cinema en directo, retrospectivas inéditas e unha homenaxe ao formato Súper 8, que en 2025 cumpriu 60 anos de historia.

Festival Internacional de Curtametraxes de Bueu (5-20 de setembro). Nesta 18ª edición proxectáronse curtas dunha trintena de países, das que 32 foron estreos en Galicia, nove en España e dúas absolutas. O audiovisual galego tamén estivo presente tanto na Sección Oficial como na GZ_00. Completaron o cartel diversas actividades que lle outorgan unha dimensión completa na divulgación cultural, como unhas xornadas arredor da música e o cinema ou o MiniFIC.

Galician Freaky Film Festival 9Edition (19-27 de setembro). Esta novena edición do festival celebrado en Vigo foi de récord de actividade, con 74 curtametraxes procedentes de 34 países. A programación artellouse en 12 bloques temáticos pensados para todos os gustos, ademais de incluír unha homenaxe ao actor e especialista vigués Luis Barboo e diferentes actividades paralelas, como encontros profesionais, un concurso ou o PequeFreak.

Intersección-Festival de Arte Audiovisual (26 de setembro-4 de outubro). Diferentes espazos da Coruña acolleron a oitava edición deste evento referente do cine de vangarda, no que se proxectaron máis dun cento de películas independentes de 17 países. Como novidade, incluíu o World Film School Meeting que reuniu estudantes e docentes de escolas de cinema de distintos países para compartir proxeccións, diálogos e experiencia profesional.

Curtas Festival Imaxinario (24 de outubro-2 de novembro). Celebrado en Vilagarcía de Arousa, na súa 53ª edición desenvolveu unha ampla programación con máis de 100 filmes de 36 países en formato curtametraxe e tamén longas, 17 delas estreos mundiais e 29 en España, e poñendo ademais o foco

no talento galego. A programación articulouse arredor da sección oficial Arrepíos e completouse con Feito en Galicia, Novos Horizontes e Outras Realidades.

Novos Cinemas-Festival Internacional de Cinema de Pontevedra. Ed 10 (9-14 de decembro). Celebrou a súa década cun amplo programa que continuou a apostar pola unión entre a formación, a promoción sectorial e a exhibición cinematográfica como camiños para detectar o talento máis emerxente, tanto o galego como o de fóra da Comunidade. Ademais, estreou o Premio de Cinematografía Novos Cinemas Pontevedra, outorgado á cineasta Carla Simón.

Esta colaboración cos eventos audiovisuais en Galicia estendeuse un ano máis ao **Festival Internacional de Cine de Ourense (OUFF)** a través dun convenio coa Asociación Cultural Luarada, entidade organizadora co apoio da Deputación de Ourense. A 30ª edición celebrouse entre o 26 de setembro e o 5 de outubro cunha directiva renovada que revalidou a aposta pola creación e a industria audiovisual galega. Así, os apartados específicos de cinema galego, como Panorama Galicia, Fóra de Serie ou Made in Ou conviven cos de carácter internacional como as seccións oficiais de longametraxes e de curtas, Sos Arxentina, Agarimo, Xeración OUFF, Amal en Ruta ou Cine Familiar. Ademais, Colleita amosou os novos traballos de cineastas que manteñen unha relación especial co festival.

Apoiamos tamén a terceira edición do **Festival Internacional de Animación Imaxinaria**, celebrado do 12 ao 16 de marzo na Coruña da man de Afundación. O seu obxectivo é dar a coñecer traballos deste xénero menos comercial e ser punto de encontro do sector. Contou cunha sección oficial con 43 películas, 38 procedentes de diversos países europeos, e varias seccións paralelas, como a dedicada á animadora británica Joanna Quinn, ademais do concurso Talento Novo, destinado ás novas xeracións que se están a formar na nosa Comunidade, e proxeccións e obradoiros para escolares e público familiar, entre outras propostas.

A **XLVII Semana de Cine de Lugo** foi outra das mostras nas que participamos. Organizada do 22 ao 27 de setembro polo Grupo Cinematográfico Fonmiñá, presentou un completo cartel con arredor de 200 proxeccións e actividades paralelas en cinco sedes. Entre elas figuraron unha mesa redonda sobre o alzhéimer, unha exposición sobre a Muralla de Lugo ou un concurso de escaparates.

Outra dinámica de difusión foi a que establecemos no **Ciclo de Verán de Cinema Galego** a través dun patrocinio coa sociedade Cine na Rúa. Así, durante os meses de xullo e agosto foron 30 as proxeccións levadas a cabo en 30 municipios da provincia de Ourense e 37 noutras 30 localidades da de Pontevedra, cunha cifra total estimada en 12.000 espectadores. A iniciativa contribuíu a achegar o audiovisual en galego a novos públicos, fomentando a participación cidadá e a dinamización cultural nas comunidades locais. *Os demos de barro, Antes de nós, O soño da sultana, As Neves e +Cuiñados* foron as fitas seleccionadas para este programa.

Xunto con estas colaboracións, un dos nosos piares na difusión audiovisual témolo na **Filmoteca de Galicia** grazas á súa ampla programación de proxeccións na sala bautizada como José Sellier en



homenaxe a este pioneiro do cine en Galicia. Este labor complétase coa función de arquivo, de conservación do noso patrimonio audiovisual, de difusión da creación cinematográfica e de posta en valor da produción galega.

A carteleira de 2025 arrincou con tres novos ciclos, dedicados á actriz alemá Sandra Hüller, ao cineasta experimental norteamericano Hollis Frampton e ao tándem artístico que formaron o director Terence Fisher e o actor Christopher Lee. Ao tempo, continuou o especial *Close-Up: Cine e perspectiva de xénero*, coa visita da cineasta Elena López Riera.

En febreiro a FilMOTECA ofreceu unha completa retrospectiva sobre o produtor, guionista e director Pere Portabella como protagonista da nova carteleira mensual, na que tamén destacaron as visitas de cineastas como Mar Coll, Oskar Alegria e Raúl Alaejos.

En marzo sumámonos un ano máis á celebración do Día da Muller cunha nova edición do programa *Olladas de Muller*, coa proxección de 11 filmes de autoría feminina, e con dúas actividades do ciclo *Close-up*: un encontro con Jonás Trueba e Itsaso Arana e unha mesa de debate sobre a programación con perspectiva integradora. A cinemateca acolleu así mesmo un especial sobre o cineasta nipón Shinji Sōmai. Como novidade, púxose en marcha *Luns na FilMOTECA*, unha sección do programa formativo Galicia ProFilme para propiciar o encontro dos profesionais galegos do sector con figuras claves da industria audiovisual. José Luis Cienfuegos, director da Semana Internacional de Cine de Valladolid falecido no mes de decembro, foi o convidado á primeira sesión.

Na programación de abril renovouse a carteleira con tres novos ciclos dedicados a David Lynch; Frans van de Staak, en colaboración co Festival Internacional de Cine Documental de Navarra Punto de Vista, o Eye Film Museum e a Embaixada dos Países Baixos en España; e Albertina Carri, co que se presentou en Galicia boa parte dos traballos desta cineasta argentina, unha das autoras máis irreverentes e a contracorrente do seu país.

O *Luns na FilMOTECA* de abril concreouse con Saioa Riba, responsable de Industria do Festival de San Sebastián, e a seguinte, xa en maio, correu a cargo de Lara Pérez Camiña, (de Bteam Pictures) e Enrique Costa (de Elástica Films), como representantes da Asociación de Distribuidores Independientes Cinematográficos (Adicine).

As citas destacadas da carteleira de maio incluíron unha retrospectiva arredor de Marcelo Mastroianni, no marco da celebración dos cen anos do nacemento do actor italiano. Houbo tamén visitas de dous destacados nomes do actual panorama cinematográfico estatal: a directora biscaíña Alauda Ruiz de Azúa e do catalán Albert Serra, así como do director galego Raúl Veiga, protagonista dun ciclo. O cinema do Play-Doc de Tui volveu formar parte da programación neste mes.

Xuño converteu a FilMOTECA nunha das sedes principais da (S8) Mostra Internacional de Cinema Periférico. As colaboracións cos encontros Diversimacine e Play-Doc, o peche da retrospectiva de Mastroianni e as derradeiras sesións do ciclo *Close-Up, cine e perspectiva de xénero* foron outras citas

destacadas coas que se despediu a tempada 2024-2025. Sinalar tamén a presentación do libro de Manolo González *O cineísta andarengo*, dedicado ao realizador afeccionado Bernardino de Lamas, pseudónimo do xornalista ferrolán Alfonso Piñón Teixido, e a estrea das películas do programa *Cinema en curso*, coa presenza do alumnado participante.

A temporada 2025-2026 comezou en setembro cunha retrospectiva sobre o realizador francés Maurice Pialat, un percorrido polo cinema arxentino dos anos 60 e 70 e un encontro co director galego Alejandro Enríquez a propósito da proxección do seu documental *Rapa*, entre outras citas. O mes rematou con dúas sesións como unha das sedes do Festival Internacional de Cine Intersección.

A programación de outubro prestoulle especial atención á figura do cineasta Travis Wilkerson no marco da súa habitual colaboración co Festival Internacional de Cine da Coruña Intersección. Foi, ademais, unha das sedes do festival Animación e mostrou a restauración dos arquivos da produtora coruñesa Espello Vídeo Cine correspondentes á década dos 80. A carteleira tamén celebrou o Día do Cine Español coa proxección de *El inquilino*, de José Antonio Nieves Conde, na versión restaurada pola FilMOTECA Española que foi presentada polo historiador José Luis Castro de Paz.

En novembro o cinema arxentino volveu ser protagonista da programación, coa presenza das cineastas María Aparicio e Lucía Seles con motivo das retrospectivas que se lles dedicaron. Tamén nos visitou o director do Buenos Aires Festival Internacional de Cine Independiente, Javier Porta Fouz, para presentar unha copia restaurada de *Nueve reinas*, ademais de coñecidos nomes do noso audiovisual nas novas entregas da sección *Off Galicia*, do ciclo *Espello Vídeo Cine* e da sesión inaugural do 20º aniversario do programa educativo *Cinema en Curso*. A carteleira incluíu, así mesmo, varias proxeccións do Cormorán Film Fest e as películas que cada ano selecciona a Asociación Amigos da Ópera coincidindo coa súa Temporada Lírica, entre outras citas.

Despedimos o ano co cinema de terror do xaponés Kiyoshi Kurosawa, coa vangarda experimental de Chick Strand, coa estrea do novo ciclo *Territorios mutantes*, coa despedida da revista dixital de crítica cinematográfica *A Cuarta Pared* e coa visita do director Jaume Claret Muxart dentro da celebración dos 20 anos do programa formativo *Cinema en Curso*. O peche do ano completouse coas últimas sesións de *Espello Vídeo Cine*.

Ao longo do ano mantivéronse as habituais seccións *FilMOTECA Jr*, *Off Galicia*, *Fóra de serie*, *Desencadres* e *Materiais para unha historia do cine en Galicia*. Segundo o balance global de 2025, a sala José Sellier ofreceu 327 sesións en 192 xornadas abertas ao público que sumaron máis de 17.300 espectadores.

A FilMOTECA de Galicia conta ademais cunha **programación estendida** que ten como obxectivo continuar descentralizando a actividade de exhibición que leva a cabo na súa sede da Coruña. Esta iniciativa que a cinemateca viña mantendo cos cineclubs de Lugo, Ourense e Pontevedra chegou xa tamén a Bueu, Cangas, O Carballiño, A Illa de Arousa e Vilagarcía de Arousa. Estes locais ofreceron unha escolma de 61 títulos con cadanseu pase.



Neste marco de acción, renovamos o convenio coa Federación de Cineclubes de Galicia (Feciga) para o mantemento dunha programación estable nestes espazos, coas achegas para garantir a proxección de películas durante todo o ano nas 14 localidades onde teñen as súas sedes, así como a ampliación das programacións estendidas da FilMOTECA de Galicia.

A contía ascendeu a 60.000 euros para que esta asociación sen ánimo de lucro organizase 13 ciclos e sete semanas de cine nos cineclubes Pontevedra, Lumière de Vigo, Adegas de Vilagarcía de Arousa, Cangas, Poleiro de Goián, Bueu, Padre Feijoo de Ourense, Groucho Marx do Barco de Valdeorras, O Carballiño, Valle-Inclán de Lugo, Val Miñor de Nigrán, Serie B de Narón, O Acomodador de Allariz e Os Papeiros de Chantada. O convenio inclúe, así mesmo, a colaboración coa concesión do Premio Primeiro Olhar no marco dos Encontros de Cinema de Viana do Castelo para documentais presentados por estudantes das escolas audiovisuais de Galicia, Portugal e Brasil.

Outras vías fundamentais de apoio á **difusión exterior** do noso audiovisual témolos nos catálogos *Shorts from Galicia*, centrado en curtametraxes, e *Films from Galicia*, así como na liña de axudas para a difusión de filmes no circuito internacional de festivais.

Shorts from Galicia 2025 xuntou seis títulos de moi diferentes xéneros e estilos, ademais de avanzar tres traballos en fase de desenvolvemento. Así, ofreceu información e acceso baixo demanda para o seu visionado profesional das curtametraxes *Un novo día*, de Gon Caride; *La casa de la abuela*, de Ashling Ocampo; *Monstera*, de Diego R. Aballe; *Delincuente*, de Nuria Vil con dirección de Alba Domínguez; *A voz de todas as cousas*, de Daniel Pérez, e *O costume do traballo*, de Luis Morla. A selección completouse con outros tres títulos que verían a luz máis adiante: *Cumi*, de David Fidalgo; *Algo novo que contar*, de Paula Pereira e *O corpo de Cristo*, de Bea Lema.

Cinco destas curtas contaron co noso apoio mediante dúas convocatorias: *Un novo día*, *O costume do traballo* e *Algo novo que contar* recibiron axudas para a promoción do talento audiovisual, mentres que *Monstera* e *Cumi* foron subvencionadas a través da liña para producións e coproducións de proxectos galegos.

O 47º Festival Internacional de Curtametraxes de Clermont-Ferrand, en Francia, marcou unha vez máis o inicio da promoción dunha nova edición do catálogo *Shorts from Galicia*, coa súa difusión no mercado especializado paralelo ao certame. Este labor reforzouse cunha ampla axenda de encontros con responsables de festivais e distribuidoras internacionais acreditados.

Pola súa banda, **Films from Galicia 2025** ofrece unha completa panorámica da actualidade do noso audiovisual e pon en valor a calidade e variedade da oferta galega, ademais de contribuír a difundir a nosa Comunidade como escenario de rodaxe.

Editado en inglés, o catálogo incluíu unha escolma con información sobre 62 novos traballos, clasificados en longametraxes de ficción, documentais, animación e televisión, e dos que 48 contaron con subvención da Xunta a través das principais liñas de axuda ao sector. Foi o caso das dúas películas que marcaron

fitos para o audiovisual galego, como *Sirât*, de Oliver Laxe, premiada no festival de Cannes e nominada a Mellor Película Internacional nos premios Óscar de Hollywood, e *Romería*, a película que Carla Simón rodou na provincia de Pontevedra e que tamén foi seleccionada para a Sección Oficial de Cannes.

Nas fichas de cada un dos traballos figuran datos dos equipos, sinopses argumentais e contactos internacionais de cada produtora, así como os principais apoios obtidos polos proxectos.

Neste marco do **apoio á difusión exterior do audiovisual galego**, e tras ampliar en 10.000 euros o crédito inicial, distribuímos máis de 80.000 euros entre case 40 produtoras a través das subvencións para a comercialización e difusión exterior de proxectos e obras audiovisuais e videoxogos. Deste xeito, contribuímos ao desenvolvemento de diferentes accións de promoción e presenza en 26 festivais e mercados internacionais de referencia para o sector. Queremos así poñer en valor o traballo de produción e creación audiovisual con selo galego, ao tempo que situamos a nosa Comunidade no mapa cinematográfico mundial.

No caso da modalidade dirixida á participación en eventos de cine fóra de Galicia, resultaron beneficiarias 12 produtoras. Entre as propostas apoiadas están o filme *San Simón*, presentado no Festival Internacional de Cine de San Sebastián ou *Ciudad sin sueño*, de Sintagma Films, que levou a creación galega á Semaine de la Critique do Festival de Cannes e á sección Perlak de San Sebastián.

A esta presenza súmanse os traballos de Filmika Galaika con *As estações en Locarno* e con *Onte á noite conquistei Tebas*, longametraxe que tivo a súa première na Biennale de Venecia dentro de Giornate degli Autori (onde recibiu os premios Bisato d'Oro ao mellor guión e á mellor fotografía), antes de continuar a súa traxectoria en citas como o New York Film Festival ou a Seminci de Valladolid. A curtametraxe *TSHWEESH*, de Zeitem Films, participou en Clermont-Ferrand, mentres que Abano Producións viaxou con *Yo voy conmigo* e con *Lola, Lolita, Lolaza* ao Festival de Málaga.

Por outra banda, 29 produtoras galegas recibiron axudas na modalidade de asistencia a foros de negocio especializados. Son os casos dos mercados asociados a destacados festivais cinematográficos como o Marché du Filme e o MipTV de Cannes (Francia), o European Film Market de Berlín (Alemaña), o Marché du Film Court de Clermont-Ferrand (Francia), o evento dedicado ao xénero documental Sunny Side of the Doc en La Rochelle (Francia) e o especializado en animación en Annecy (Francia). Xa en España, The Industry Club de San Sebastián e o Mafiz de Málaga foron os encontros máis visitados. Ademais, este ano destaca a participación galega en citas de videoxogos como o Gamescom de Colonia (Alemaña) e o IndieDevDay do BCN Game Fest en Barcelona.

Seguimos tamén impulsando a internacionalización do audiovisual galego a través do *Foro Luso-Galego. Creatividade e coprodución*, organizado como unha nova edición do **Encontro Profesional de Coprodución Audiovisual Portugal-Galicia** e enmarcado no festival Porto/Post/Doc celebrado en novembro no Porto. Un total de 25 empresas galegas e unha trintena de compañías portuguesas participaron nesta aposta polo encontro entre representantes do sector audiovisual de ambos os territorios,



fortalecendo os lazos xa consolidados e acollendo novos axentes do sector que veñen renovar o tecido empresarial e creativo.

A colaboración con este festival portugués esténdese igualmente á participación galega no apartado Industry Screenings cos proxectos *Todo é cárcere*, de Eloy Enciso, e *Despois das cidades*, de Xacio Baño. Ambos formaron parte da escolma de propostas para amosar as súas primeiras imaxes diante dun público profesional seleccionado.

1.3 Formación e divulgación

No marco do proxecto europeo **European Writers Club (EWC)**, a Casa de Galicia en Madrid acolleu en setembro a apertura do curso intensivo *Creación de series que poidan viaxar*, coa asistencia de oito guionistas galegos: Héctor Carré, Simón Casal, Ángel Filgueira, Lidia Fraga, Eva Pérez Misa, Anita Pico, Irene Pin e Fernando Tato. A súa participación canda a outros oito profesionais madrileños é froito da colaboración que mantemos con esta iniciativa europea, da que fomos unha das entidades fundadoras, co fin de promover a colaboración internacional na xeración de contidos audiovisuais para televisión e plataformas.

Da man de responsables de destacadas produtoras, canles de televisión, plataformas e axencias de venda europeas, os 16 profesionais seleccionados neste taller afondaron no uso de ferramentas clave para o deseño de audiencias e de formatos, co foco posto non só no desenvolvemento dos proxectos, senón tamén en como conseguir unha maior proxección exterior sen perder a identidade cultural propia. Esta formación desenvolveuse en paralelo ás actividades do curso *Bridging Generations* organizado en Madrid polo European Writers Club.

Baixo o lema *Creando historias xuntas*, o EWC conta cun financiamento dun millón de euros da Unión Europea para a execución do seu proxecto piloto a través da convocatoria *Preparatory Action Writing European*. Participan, ademais, outras institucións públicas e privadas de Estonia, Irlanda, Noruega, Suecia, Finlandia e Islandia, así como a Sociedad General de Autores y Editores (SGAE) por parte de España.

O programa está deseñado para inspirar e fomentar a colaboración entre guionistas, produtores e cadeas de televisión co obxectivo de crear series de ficción que crucen fronteiras e cheguen ás audiencias europeas e do resto do mundo. O foco é a narración audiovisual, desde o nacemento dunha idea ata a confección dunha biblia lista para a súa entrega.

O noso apoio estendeuse a diversas iniciativas formativas e de diverso contido doutras entidades, como **Mundos Digitales**, que celebrou a 23ª edición do 3 ao 5 de xullo na Coruña. Tivo como eixe central a produción virtual, afondando en todos os aspectos tecnolóxicos e de desenvolvemento vinculados a esta innovadora forma de rodaxe. O seu programa incluíu presentacións, clases maxistras e encontros

sectoriais de formato reducido, así como o Festival Internacional de Curtametraxes de Animación, unha feira de emprego e a entrega do Premio Especial ao prestigioso director Tim Miller.

Estivemos na terceira edición de **Conecta LAB**, o laboratorio e residencia artística para o desenvolvemento audiovisual organizado pola Asociación Galega de Profesionais e Realización (CREA). Reuniu na Illa de San Simón do 1 ao 7 de abril os creadores e creadoras dos seis proxectos seleccionados neste ano, acompañados dun equipo especializado de cineastas e persoas expertas para avanzar en aspectos artísticos e creativos. As propostas foron *Os reis imaxinarios*, de Eire Cid; *A vella e o cocho*, de Jacobo Lagüela; *A nena que quería ser Fred Astaire*, de Olga Osorio; e *Memoria de emerxencia*, de Judith Adataberna. Tamén recibiu acompañamento o proxecto transmedia *Tramoxia*, de Álvaro Alvite, e a serie de ficción *Damero maldito*, asinada por Clara Coira e Miguel Casaseca.

Da man de CREA volveu tamén **Conecta +**, que chegou á 10ª edición. Celebrado o 24 e 25 de xaneiro en Pontevedra, abriuse cunha xornada de networking e reunións *one to one* nas que preto de 30 profesionais da dirección e da creación, así como guionistas con proxectos de cine e televisión tiveron a oportunidade de presentarlles as súas iniciativas a 14 produtoras e distribuidoras de Galicia e do resto do Estado convidadas a esta xornada para acceder de primeira man a estas propostas e contribuír á súa chegada ás pantallas. Na seguinte xornada levouse a cabo unha sesión de *pitch* público ante varias produtoras tanto galegas como nacionais onde se defenderon proxectos beneficiarios da nosa convocatoria de axudas á escritura de guión de 2024.

Un ano máis compartimos coa Universidade de Vigo a organización de **AuGAL Master Class Audiovisual Galego**, dirixida a estudantes e profesionais do sector co foco posto na máis recente produción galega.

O programa desta 14ª edición, iniciado en novembro e que se prolongaría ata marzo de 2026, incluíu nove sesións con clases maxistras e proxeccións, acompañadas da presentación das persoas responsables na creación ou na produción audiovisual nos diferentes xéneros e formatos, ata completar 31 horas lectivas, ampliando a carga formativa con respecto á edición anterior.

A primeira cita estivo dedicada ao visionado de 10 curtas producidas polo alumnado da Facultade de Comunicación no curso anterior, coa entrega do premio á mellor da selección do certame A Canteira-AuGAL. Posteriormente, celebrouse unha *master class* sobre dirección de fotografía a cargo de Alicia Francés e proxectouse a longametraxe *Antes de Nós*, presentada pola súa directora, Ángeles Huerta. A finais de novembro foi a quenda do documental *360 curvas*, coa participación de Alejandro Gándara e Ariadna Silva, á fronte da realización. Xa en decembro proxectouse *San Simón*, que tivo a súa estrea no Festival Internacional de Cine de San Sebastián, comentada polo seu director, Miguel Ángel Delgado. O ciclo retomaríase en 2026 cunha sesión de curtas presentadas polas persoas responsables da súa dirección ou guión e outras exhibicións.

Tamén xunto coa Universidade de Vigo, ademais doutras institucións, colaboramos no **XXI Curso de verán de extensión universitaria de Celanova (CeMAC 2025)**, impulsado pola Fundación Carlos Casares.



Celebrado do 23 ao 27 de xuño baixo o título *Traspasando fronteiras*, abordou o proceso de consolidación do ecosistema audiovisual galego, o seu equilibrio industrial e creativo e os pasos que se están a tomar para a súa normalización a través de exemplos de filmes xa estreados ou en proceso cara á súa próxima chegada ás pantallas, moitos deles con subvención da Xunta.

Nesta edición, tratouse o formato webserie a través de dúas das máis exitosas producións do momento: *A moza que abortou e o contou*, da que falaram as súas directoras Eire Cid e Rosalía Quiroga, e *Pringadas*, que se analizou da man de Belén Puime e Bea Villar, directora e responsable de produción, respectivamente. Para abordar o traballo do filme *San Simón* acudiron o director, Miguel Ángel Delgado e a directora de produción, Analía G. Alonso. Tamén participou Antonio Caeiro, director do documental *Aillados*, sobre a mesma temática arredor do campo de concentración franquista na illa de San Simón.

Por parte do equipo de *Xustiza Artificial* participaron o director e guionista, Simón Casal, e a produtora, Chelo Loureiro, mentres o filme *El secreto del orfebre* foi analizado pola súa directora, Olga Osorio. Así mesmo, figuraron no programa as producións catalás *Casa en flames*, que achegaron a produtora Ana Eiras e a foquista Sarai Sánchez e *Sin él*, que contou co seu guionista e director, Emilio Martínez-Borso, e a directora de fotografía, María Muñoz.

Ademais, houbo espazo para unha *máster class* sobre dirección actoral impartida pola actriz Raquel Meleiro e o actor Tony Karra; unha sesión dedicada aos efectos especiais, a partir da experiencia de Pablo Lamosa, do estudio Cormorán VXF; e unha mesa sobre a localización de rodaxes na que participaron profesionais do sector e representantes das oficinas das *film commissions* de Santiago de Compostela, Vigo e Rías Baixas.

Inclúese, por décimo sexto ano consecutivo, o taller *Celanova, plató de ficción*, baixo a dirección de Paulino Pérez Feijoo, que ten como obxectivo a produción dunha peza audiovisual nun tempo determinado e cun orzamento pechado. Na última xornada do curso presentouse a curtametraxe *Lobelia*, da directora Laura Barriga, produción resultante do obradoiro da pasada edición.

Desde a súa creación en 2004 pasaron polas aulas do CeMAC máis de 1.000 persoas matriculadas e 400 profesionais e docentes, e proxectouse un centenar de filmes e pezas audiovisuais.

Agapi foi outra das entidades coas que volvemos colaborar no eido formativo coa xornada **A produción independente en Galicia**. Dirixida ao alumnado das tres facultades galegas de Comunicación e dos catro centros integrados de formación profesional no ámbito audiovisual, achégouselles aos estudantes un contacto directo e práctico coa profesión a través de referentes do sector que representan unha ampla variedade de perfís e responsabilidades. Financiada en colaboración co Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales, coñecidos nomes do cine e da televisión da nosa Comunidade compartiron a súa experiencia nos diferentes relatorios programados ao longo de marzo e abril nos distintos centros educativos.



A maiores, en novembro celebramos en Santiago, tamén en colaboración con Agapi a xornada **Dereitos Audiovisuais: territorios, prazos e pantallas**, unha nova proposta do programa formativo Galicia ProFilme na que participaron persoas expertas neste ámbito xurídico e profesionais do sector. O encontro contou cun completo programa centrado en aspectos esenciais da explotación audiovisual, como o cumprimento das normas audiovisuais, a xurisdición e a regulación; o impacto dos dereitos audiovisuais nos territorios e nas dinámicas de distribución internacional; ou pantallas, oportunidades de negocio e novos modelos de explotación. Houbo tamén unha sesión de reunións executivas *one to one*, para formular dúbidas específicas, revisar proxectos en desenvolvemento e analizar itinerarios de distribución e financiamento.

No mesmo marco de Galicia ProFilme, en abril compartimos na Cidade da Cultura de Galicia un **encontro co director da Oficina MEDIA España, Peter Andermatt**, dirixido a profesionais do audiovisual e no que se abordaron especialmente as oportunidades que este programa da Unión Europea lles ofrece aos proxectos de animación e de videoxogos. Realizouse un exercicio práctico para medir o potencial de internacionalización de calquera proxecto ou produtora, ademais de explicarse como poder colaborar coa fundación cultural MEDIA para optimizar o uso do programa. Nun segundo bloque participou a guionista galega Lidia Fraga, quen presentou a nova plataforma de networking en liña do *European Writers Club*.

Tamén sumaron resultados neste apartado as xa mencionadas tres sesións de encontro profesional que se levaron a cabo no marco de *Luns na Filmoteca*.

A estas iniciativas súmase o programa internacional de pedagogía do cine nos centros educativos de Primaria e Secundaria **Cinema en curso**, que coordinamos cada ano a través da Filmoteca de Galicia no marco do Plan Proxecta+ para a innovación educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

A sala José Sellier acolleu en xuño a estrea das tres películas realizadas co acompañamento dos cineastas Alejandro T. Tarraf, Fon Cortizo e Ángel Santos. Nesta nova edición de *Cinema en curso* participaron 44 estudantes e sete docentes de sexto de Primaria dos colexios A Reigosa de Ponte Caldelas, que presentou o documental *Un templo sen teito*; A Rúa de Cangas, coa correspondencia cinematográfica *Vincles, abertas, paraules fermosas entre Cangas i Torrelameu* e Tenorio de Cerdedo-Cotobade, coa fita de ficción *Caer na conta*.

En novembro sumámonos á celebración dos 20 anos desta iniciativa cun ciclo conmemorativo titulado *Compartir o cinema. 20 anos de Cinema en Curso*. Nel participaron diferentes cineastas vinculados á iniciativa, como Xacio Baño, Jaione Camborda, Marcos López e Ángel Santos, catro dos profesionais galegos que veñen colaborando coa Filmoteca de Galicia na titorización dos filmes realizados polo alumnado de primaria e secundaria dos diferentes centros escolares que, en cada novo curso escolar, participan nesta iniciativa.

O ciclo, organizado xunto ás filmotecas de Cataluña e Valencia, estendeuse durante seis meses convidando outros destacados profesionais do cinema, como Jaime Claret Muxart ou o propio José Luis



Guerin, a reflexionar sobre as películas que os inspiraron, as miradas coas que constrúen o seu propio cinema e os procesos creativos que os moven.

Fotografía en curso é outra das actividades pedagóxicas desenvolvidas pola cinemateca galega, no marco da que no curso 2024-2025 se levaron a cabo oito proxectos fotográficos en 11 centros educativos coa participación de 835 estudantes, desde Educación Primaria ata Bacharelato, e 32 docentes. Como parte desta acción organizouse na Estrada a exposición *Aprendendo da festa*, do alumnado de Bacharelato de Artes do instituto Manuel García Barros.

Estes programas insírense no conxunto de actividades centradas na alfabetización audiovisual que promovemos a través da Filмотeca de Galicia e do que tamén forman parte as proxecións de *Filмотeca junior* e *Outras miradas*. No curso 2024-2025, todas estas accións chegaron a 1.765 estudantes e 49 docentes de 29 centros de ensino galegos.

1.4 Atracción de rodaxes

Reforzamos o fondo para a **atracción de rodaxes** á nosa Comunidade, que en 2025 incrementou nun 10% a dotación da súa convocatoria de axudas respecto ao ano anterior para alcanzar os 2,2 millóns de euros. Queremos así incentivar a filmación no noso territorio de novas longametraxes e series de ficción tanto por parte de produtoras galegas como do resto de España e Europa. Cofinanciada no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, esta liña de apoio ten tamén como finalidade o fomento da cadea de valor do audiovisual galego, favorecendo un crecemento sostible e emprego de calidade.

Así, os importes de ata 350.000 euros que poden recibir as empresas beneficiarias implican obrigatoriamente un gasto mínimo en Galicia de 1.000.000 euros para longametraxes e de 1.300.000 euros para series no caso das produtoras galegas, e de 1.500.000 euros no das foráneas. Ademais, os proxectos apoiados deben desenvolver un mínimo de 20 días laborables de rodaxe en localizacións galegas e destinar cando menos un 40% do seu orzamento subvencionable a gastos de persoal, tamén realizados en Galicia.

Dos proxectos subvencionados, dous remataron a gravación en 2025:

Dímelo en secreto: segunda parte da triloxía baseada nas novelas homónimas de Mercedes Ron que Vaca Films produce para Prime Video, con Denis Rovira na dirección. Alicia Falcó, Fernando Líndez e Diego Vidales repiten como trío protagonista neste filme, que mobilizou un centenar de profesionais e máis de 800 figurantes. Ao igual que na primeira película da saga, os traballos desenvolvéronse en distintos concellos das provincias da Coruña e Lugo, con localizacións en Bergondo, Ferrol, Monfero, Ourense ou As Pontes de García Rodríguez, ademais da cidade herculina.



Punto Nemo: a segunda temporada da serie de Prime Video coa compañía Ficción Producciones á fronte tivo na batería de Porto Cuances, no concello do Grove, o epicentro da gravación dos novos episodios sobre a expedición oceanográfica para investigar a illa de plástico sita no Pacífico Sur. Dirixida por Daniel Martín Saéz de Parayuelo (tamén creador), Denis Rovira e Daniel Benmayor, conta entre o seu reparto con Óscar Jaenada, Najwa Nimri, Alba Flores, Maxi Iglesias, Margarida Corceiro, Iván Marcos ou Miguel de Lira, entre outros.

Pola súa banda, ao longo de 2026 grávanse:

Lobo: miniserie de Vaca Films para Netflix que desenvolveu a súa rodaxe en Santiago de Compostela, diferentes escenarios do Courel, Celanova, Ribadavia, Sobrado dos Monxes ou Monfero, entre outras localizacións. Ambientado na Galicia rural da primeira metade do século XIX, este *thriller* psicolóxico recrea en seis capítulos o caso real de Manuel Blanco Romasanta, o 'Lobishome de Allariz' e primeiro asasino en serie documentado en España, que está a ser interpretado por Luis Tosar. Alberto Marini, quen asina o guión xunto a Juan Galiñanes, é tamén o seu director con Javier Rodríguez Delgado.

Operación Camarón 2: na segunda parte desta comedia os seus protagonistas se trasladarán a Galicia para unha nova misión encuberta. La Pepa Films, Telecinco Cinema, Movistar + e Buenavista España volven unirse na secuela desta película, de novo con Carlos Therón na dirección.

Serenade: Matriuska Producciones desenvolve a rodaxe desta historia, dirixida por Pedro Díaz e ambientada no rural galego dos anos 90 a través da que se ofrece un retrato da familia, a fe e a liberdade a través das mulleres de tres xeracións diferentes. María Vázquez encabeza o reparto deste filme rodado en concellos da contorna de Compostela.

Pínkala: Vigo acolle a meirande parte das localizacións da segunda longametraxe de Juanjo Giménez. Este novo traballo producido por Frida Films xira arredor da historia de amor entre Sam, un telépata que vive illado co seu pai enfermo, e Alicia, unha bailarina obrigada a abandonar os escenarios e a única persoa á que non lle pode ler a mente.

O mantemento e reforzo do fondo autonómico para a captación de rodaxes fundaméntase na repercusión das seis rodaxes subvencionadas en 2024, que implicaron un retorno económico de 21,6 millóns de euros e máis de 647 empregos, en cómputo anual equivalente a tempo completo. Segundo os datos recompilados especificamente por un equipo de investigación da Universidade de Santiago de Compostela, por cada euro investido nestes seis títulos a través deste fondo de axudas xeráronse 12 euros na actividade económica da nosa Comunidade.



1.5 Outras accións

O impulso á proxección das industrias do cinema e da televisión, así como á visibilidade do traballo desenvolvido polo audiovisual galego é tamén o obxectivo do noso apoio aos **Premios Mestre Mateo**, organizados pola Academia Galega do Audiovisual (AGA). Na súa 23ª edición competiron 101 finalistas nas 25 categorías convocadas.

A gala celebrouse o 15 de marzo en Lalín. Nela, a serie *Rapa*, dirixida por Jorge Coira e Javier Cámara, foi a obra máis premiada, con 11 galardóns. Así, ademais de Mellor serie de TV e Mellor dirección foi recoñecida con Mellor dirección de fotografía (Jaime Pérez), Mellor dirección de produción (Ana Míguez), Mellor guión (Pepe Coira e Fran Araújo), Mellor maquillaxe e perruquería (Fanny Bello e Gemma Márquez), Mellor montaxe (Gaspar Broullón, Lu Rodríguez e Jorge Coira) e Mellor música orixinal (Xavi Font). Destacou tamén nas categorías de interpretación, cos premios de Mellor interpretación feminina protagonista (Mónica López), Mellor interpretación masculina protagonista (Darío Loureiro) e Mellor interpretación masculina de reparto (Diego Anido).

A longametraxe *As Neves*, de Sonia Méndez, recolleu os premios a Mellor longametraxe (Cósmica e Aquí y Allí Films coa participación da Televisión de Galicia), Mellor interpretación feminina de reparto (Lucía Veiga) e Mellor son (David Machado, Javier Pato e Daniel Fernández). Pola súa banda, *Tratamos demasiado bien a las mujeres* mereceu o premio a Mellor vestuario (Maite Tarilonte) e Mellor dirección de arte (Curru Garabal).

Nas categorías de curtametraxes as premiadas foron *Pura*, de Carmen Méndez, con Mellor curtametraxe de imaxe real, e *Eu vou contigo*, de Abano Producións, con Mellor curtametraxe de animación. O galardón a Mellor documental foi para *Filmei paxaros voando*, dirixido por Zeltia Outeiriño e producido por Sétima e Ringo Media coa participación da Televisión de Galicia, e o de Mellor programa para *Recollendo músicas*, de Undodez para Televisión de Galicia, mentres que o de Mellor serie web o levou *Poscoito*, de Héctor Rodríguez. Na categoría de Mellor videoclip o premio foi para *Marimondra*, de Mondra e Adela Otero.

Juan Fuentes, por *Quen anda aí?*, obtivo o recoñecemento como Mellor comunicador, Marcos Nine, por *Historias de Aquí*, como Mellor realización, e *Non pode ser máis de aquí*, de Real Club Celta e Verve Creative Group, como Mellor anuncio publicitario. O Premio de Honra Fernando Rey foi para a script Encarna Alonso, referente no seu oficio en Galicia tras máis de 35 anos de traxectoria.



Films from Galicia 2025



Shorts from Galicia 2025

A antesala da gala, co tradicional encontro entre finalistas e na que se entregan os premios especiais que poñen en valor aspectos que van máis aló do puramente técnico ou artístico, celebrouse en febreiro en Pontevedra. Nela o programa *Cos pés na terra* foi galardoada co Premio Abanca ao impulso da sostiabilidade, a serie *Bibopalula* mereceu o Premio Deleite á promoción da lingua e a serie *Clanes* recolleu o Premio Martín Códax Rías Baixas, Fillo do Atlántico.

Como continuidade deste apoio, o **Ciclo Mestre Mateo**, froito da nosa colaboración co Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales e a Academia Galega do Audiovisual, levou os oito filmes curtos de ficción e animación finalistas e gañadores da última edición dos Premios Mestre Mateo a 24 concellos localizados fóra da contorna das grandes cidades e que non contan cunha oferta de salas comerciais estables.

No bloque de ficción puideron verse, a partir de xuño e ata o outono, *Pura*, de Carmen Méndez; *Véxote*, de Óscar Pardo; *Nai*, de Tito Refoxo; e *Platónico, Platónica*, de Xacio Baño. Na categoría de animación exhibíronse *Eu vou contigo*, dirixida por Chelo Loureiro; *Sinapse*, de Carlos Cuesta; *Avetimología*, de Xosé Zapata; e *Noites de prata*, de Soraya Antelo.

Houbo proxeccións en Betanzos, Boiro, Cedeira, Cerceda, Valdoviño e Vimianzo na provincia da Coruña; A Fonsagrada, A Pobra do Brollón, Foz, Meira, Monterroso, Sarria, Taboada e Vilalba, na de Lugo; Allariz, San Cristovo de Cea, O Pereiro de Aguiar, Ribadavia e Celanova, na de Ourense; e Marín, Mondariz, Salvaterra de Miño e Vilanova de Arousa na de Pontevedra.


O **Premio Daniel Domínguez de guión en galego**, convocado pola Asociación Galega de Guionistas (Agag) co noso apoio, foi nesta sétima edición para Benigno Moure pola súa obra *Monstros*. Tamén foron distinguidos como finalistas *Amparo, pero non olvido*, de Luis Miles, e *Onda tras onda*, de Daniel Cornes.

Cómpre sinalar tamén a colaboración co Clúster Audiovisual Galego na organización da 19ª edición do encontro **I+D, Ideas para producir**, celebrado en novembro no Coruña Estudio Inmersivo. A iniciativa xuntou un cento de axentes do sector arredor de 17 proxectos que buscaban o seu impulso diante de representantes de televisións, plataformas e distribuidoras. O obxectivo é conseguir novas alianzas para o audiovisual galego na coprodución, venda, financiamento ou distribución de contidos para cinema e televisión.

Houbo presentacións rápidas tipo *pitching* e reunións personalizadas arredor dos proxectos seleccionados, ademais de sesións dedicadas ás novas tecnoloxías aplicadas á produción, ás vías emerxentes de financiamento e ás estratexias de contidos das plataformas e televisións.



2 | ESCENA





En 2025, o Centro Dramático Galego reafirmou o seu papel como referente da creación escénica en Galicia, cunha programación que combinou memoria, innovación e compromiso social. Neste último aspecto cómpre destacar a aposta pola inclusión como liña estratéxica fundamental, co primeiro espectáculo do CDG cun elenco formado integramente por persoas con discapacidade. O compromiso cunha escena inclusiva fixo ademais a nosa unidade teatral merecente do Premio Solidarios na categoría de Administración Pública dos galardóns concedidos polo Grupo Social ONCE. ■ Seguimos tamén apuntalando a internacionalización da nosa escena coa incorporación do CDG á Unión de Teatros de Europa, unha das principais asociacións europeas do sector, que sen dúbida reforzará o labor que vimos realizando nos últimos anos a prol da proxección exterior do noso teatro. ■ No marco do Plan Integral para a Danza de Galicia, demos un paso máis coa posta en marcha do primeiro programa galego de emprendemento e formación en danza e artes no movemento. Trátase dunha iniciativa pioneira coa que queremos seguir contribuíndo á consolidación e profesionalización de artistas e proxectos emerxentes con selo galego.



2.1 Apoio á creación

A nosa liña de apoio á creación escénica incrementou en 2025 a súa dotación a 870.000 euros, un 8,7% máis que no ano anterior, para cofinanciar a produción de 30 novos espectáculos de 25 compañías galegas. Deles, 19 foron montaxes teatrais, sete de danza e catro de circo.

O aumento do orzamento redundou nun reforzo da modalidade destinada a proxectos plurianuais de compañías que contan xa cunha traxectoria consolidada. Desta volta, foron tres as formacións que recibiron 100.000 euros para garantir a continuidade dos seus equipos e proxectos no trienio 2025-2027: Redrum Teatro, cos espectáculos *Caídas* e *Nas nubes*; Talía Teatro, con *Artur Ui*, e Pistacatro coas propostas *Alto voltaxe*, *Novos horizontes*, *Variedades Pistacatro* e *Mímica Maestro*.

Na listaxe de espectáculos teatrais, dous corresponden á modalidade de compañías de recente creación: *Brazaletes*, de Amorodio Teatro, e *A cámara escura*, de Vórtice Escénico. Figuran tamén ButacaZero con *Xoguetes rotos*, De Ste Xeito Producciones con *Señores que din*, Ibuprofeno Teatro con *Bioconstrución*, Mofa e Befá con *Os dous de sempre. O regreso*, Os Náufragos Teatro con *Riazor Ostia*, Sarabela Teatro con *A metamorfose*, e Teatro do Noroeste con *Manual de patronaxe*.

Completan este apartado seis espectáculos para público familiar, entre os que se atopan *O libro da selva*, de Ártika Cía., *Bibopalula*, de Ainé, *O monstro de cores*, de A Xanela do Maxín, *Desxeo*, de Nauta Teatro, *Unha de medo*, de Teatro Escena, e *Maruja Mallo. Metade anxo, metade marisco*, de Títeres Cachirulo.

En canto ás sete propostas coreográficas, tres corresponden á modalidade de compañías de nova creación: *Velaiquich, amooorch!*, de Colectivo D'elas, *Nortear*, de Helena Salgueiro, e *Unha non ten nome ata que o lembra*, de Myriam González. Na modalidade específica para danza e artes do movemento, as beneficiarias foron Furia Sotelo con *Suite 25*, Laboratorio Escénico con *Monte-versión estendida*, Teatro Ensalle con *Primus Inter Partes* e VACAburra con *Familia Nijinska*.

Neste ano puidemos desfrutar ademais de moitos espectáculos que se materializaron grazas á convocatoria precedente desta mesma liña de subvencións. Foron os casos, por exemplo, *Guerra*, de Teatro do Noroeste, *Reconversión*, de Ibuprofeno Teatro, *Tromsø*, de Morraoconto, *Para que non me deixes aquí soa*, de Julia Laport, e *Aurora Boreal*, de Paula Quintás Cía.

A estas axudas directas ás compañías, engádense no impulso á creación diversas accións promovidas polo Centro Dramático Galego (CDG) e o Centro Coreográfico Galego (CCG), tanto a través das producións e coproducións como das **residencias artísticas**.

O programa **Clásicas desfeitas**, impulsadas polo CDG xunto coa Fundación Cidade da Cultura no marco das Residencias Artísticas do Gaiás (REGA), deron como froito un novo ciclo desta iniciativa dedicada á revisión escénica de grandes clásicos da literatura universal. Chegou así o volume XII, titulado *Mala vida e pior morte do rei Ricardo III*, e o XIII, *Medea-Mamá- Monstro*, cos que se recrearon as míticas obras de Shakespeare e de Eurípides.



Pola súa banda, as **Residencias Paraíso**, promovidas polo colectivo RPM co noso apoio, acompañaron na súa novena edición os procesos de Antón Yanguas con *Open Call*, Euyín Eugene con *Tuerce*, Isabel Do Diego con *Brutalismo*, Natalia Fernandes & Marta Azparren con *Cerrados y dormidos los ojos bailan*, Suevia Rojo con *Incorpórea*, Rocío Bello & Javier Hernando con *Ensayo*, Bal Castro con *Instinto desexo*, e Isolda Comesaña con *Sagrado corazón*. Os procesos de creación desenvolvéronse en distintos espazos de toda Galicia, entre os que estivo novamente a sede do CDG.

Colaboramos un ano máis co programa de residencias artísticas e de investigación a través da danza e das artes do movemento **Atopémonos bailando**, impulsado pola compañía Colectivo Glovo na cidade de Lugo e que chegou á súa cuarta edición. A través del impulsáronse 11 propostas de diversas comunidades autónomas e de Portugal. As galegas foron presentadas por María de Vicente, Xián Martínez e Fran Sieira. Do total, seis leváronse a cabo en Lugo e cinco en réxime de intercambio con estruturas de Portugal, España e Costa Rica.

Ao igual que seguimos apoiando, a través do Centro Coreográfico Galego, o programa **Da Man** de acompañamento a emerxentes da danza lanzado por Amarelo Distribución Escénica para impulsar novas artistas en danza, promover a creación e dinamizar o mercado con novas linguaxes. *Na outra banda*, de Chechu Riquelme foi o proxecto seleccionado nesta edición.

2.2 Apoio á difusión

En 2025 consolidamos o pulo dado ás subvencións para actividades de distribución o ano anterior, no que incrementamos a dotación un 30%, ata os 300.000 euros. Isto supuxo cambios na contía máxima por entidade subvencionada, que se situou nos 15.000 euros, así como no mínimo de funcións ou concertos das xiras propostas ou a posibilidade de incluír un 25% dos gastos xerais vinculados á actividade como parte do orzamento subvencionable. Recibiron o noso apoio 44 propostas escénicas, que levaron a cabo máis de 300 actuacións. Ademais, viaxaron fóra de Galicia 35 compañías de teatro.

Figuran na listaxe a xira mexicana e estatal de *Sobre*, de Teatro Ensalle, e o percorrido estatal e internacional de *Iribarne*, de Butacazero, así como as xiras nacionais de *O dragón de ouro*, de Sarabela Teatro, e dos espectáculos de danza de Paula Quintas Cía., La Macana ou Colectivo Glovo. Tamén a participación en feiras e festivais de, entre outros, *Píscore*, de Culturactiva, no Festival de Teatro Comfama de Medellín, e de *Hexagonum*, de Troula Animación, no festival *Sziget* en Hungría.

Outra acción relevante foi a colaboración coa compañía ourensá Sarabela Teatro para facilitar unha temporada de programación durante o mes de setembro do seu espectáculo *O dragón de ouro*, orixinal de Roland Schimmelpfennig e con dirección escénica de Ánxeles Cuña, no madrileño Teatro de la Abadía. A serie de funcións incluíu pases en galego e en castelán.

Apoiamos, así mesmo, a distribución artística dentro da nosa Comunidade, como as xiras galegas de Redrum Teatro, Teatro do Noroeste, A Xanela do Maxín, Teatro de Ninguere, Ibuprofeno Teatro ou Excéntricas, e contribuímos á presenza de empresas de artes escénicas en feiras celebradas fóra de Galicia, como FETEN Xixón.

Coas nosas colaboracións con espazos escénicos públicos e privados financiamos tanto a actividade da **Rede Galega de Salas** como os gastos de funcionamento das salas escénicas privadas.

Estas últimas viron reforzado unha vez máis o orzamento, que subiu a 215.000 euros. Queremos así recoñecerlles o seu destacado papel ao servizo da difusión e da creación de públicos para o sector, ao tempo que se lle dá resposta ao aumento xeral dos custos de mantemento da súa actividade.

Resultaron beneficiados por sexto ano consecutivo os espazos vigueses Ártika e Teatro Ensalle, e os coruñeses Sala Gurugú e Teatro del Andamio, todos eles integrantes da Rede Galega de Salas. No marco desta medida, estes espazos programaron ao longo do ano 157 actuacións.

Entre os circuitos impulsados para a distribución interior das artes escénicas cómpre destacar a **Rede Galega de Teatros e Auditorios** (RGTA), constituída en 1996 e que conta na actualidade con 43 administracións locais asociadas e 46 escenarios membros, xa que en 2025 se sumou como escenario o auditorio Afonso Eanes do Cotón, de Negreira. O orzamento neste ano superou os dous millóns de euros, cofinanciados ao 50% coas entidades locais xestoras, para ofrecer unha programación que incluíu 560 funcións, das que 531 foron escénicas. En relación con esta rede, cómpre apuntar que a finais do ano puxemos en marcha unha auditoría técnica para a inspección de 47 espazos, xa que se incluíu a Casa da Cultura de Outes, que se incorporaría en 2026. O obxectivo é acadar un inventario completo e actualizado de materiais e medios humanos dedicados a cada escenario que sirva como base para o futuro Plan de modernización das infraestruturas culturais e a progresiva adecuación ás últimas normativas de accesibilidade e seguridade. Buscamos así que se garantan as mellores condicións para que artistas e persoal desenvolvan as súas actividades.

As contratacións dos espectáculos da RGTA levámolas a cabo a través de **galescena.gal**, o principal instrumento de traballo para todos os axentes que teñan relación coas nosas programacións, como compañías, grupos de música ou programadores. Trátase dunha intraweb que facilita a xestión das nosas redes de programación, de xeito que todos os trámites de inscrición, contratación e rexistro de asistencia, entre outros, se poidan facer a través desta ferramenta.

A nosa colaboración con **Primavera enDanza** enmárcase precisamente na programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios. Carballo acolleu entre finais de marzo e comezos de abril este ciclo, que chegou á súa 23ª edición, coas pezas *Aurora boreal*, de Paula Quintas Cía, *Sofá*, de Marta Alonso Tejada, *Together to Get There*, de Lali Ayguadé Company, *Cometa*, de Lowland Performing Arts, e *Transeúnte*, de Daniel Rodríguez, peza coproducida polo Centro Coreográfico Galego.

Co obxectivo de impulsar a consolidación dun circuito galego de **festivais profesionais de artes escénicas**, en 2025, repetimos o orzamento de 280.000 euros destinado a esta liña de axudas, que se foi



incrementando progresivamente nos últimos anos e conta xa cun orzamento un 47% superior ao de 2020. A dotación distribuíuse entre 13 mostras, unha máis que o ano anterior. Queremos, deste xeito, reforzar estes eventos estratéxicos como dinamizadores culturais e polos de atracción turística, ademais de favorecer a contratación artística.

Singular. Festival do Monólogo Teatral (10ª edición, do 7 ao 30 de marzo). Celebrado en Narón, combinou unha dúcia de espectáculos de selo galego, estatal e internacional con actividades paralelas para profesionais. Así, o cartel contou con Diego Anido, Chévere, Atenea García, Manuela Varela, Elefante Elegante, Cris de Caldas e A Xanela do Maxín, xunto con Toni Acosta, Alberto San Juan, Teatro del Barrio, Aire Frío e Rey Marciali Producciones.

Festival Internacional de Títeres de Redondela (26ª edición, do 12 ao 18 de maio). Organizado por Memorial Juanjo Amoedo, ofreceu case 70 funcións e actividades complementarias coa participación dunha trintena de compañías tanto galegas, como Tanxarina, Spaguetti Títeres, Teatro Escena, Danthea Teatro, EducaTeatro, Paporrubio, Títeres Alakrán, Troula, Pedras de Cartón e Cachirulo Títeres, como de diferentes puntos de España e doutros países.

Mostra de Teatro Cómico e Festivo de Cangas (42ª edición, do 22 de xuño ao 6 de xullo). Acolleu 26 espectáculos e un amplo programa de actividades, coa comedia como principal selo. Tiveron especial relevancia as producións galegas, no marco do apoio ao tecido teatral do país, ás novas compañías e á creación emerxente, con propostas que incluíron desde danza, *performance* e o teatro máis contemporáneo e innovador, ata o teatro de rúa e o máis clásico e popular.

Danza no Claustro (13ª edición, do 26 de xullo ao 3 de agosto). Este proxecto da plataforma cultural SÓLIDOS que busca poñer en valor o patrimonio arquitectónico a través da danza ofreceu oito funcións, cinco delas nos claustros de diferentes mosteiros ourensáns e outras tres na Casa Vella de Allariz, a cargo de artistas de Galicia –Nuria Sotelo, Alba Fernández Cotelo e Marcia Vázquez–, Bilbao, Comunidade Valenciana, Cataluña e Costa Rica.

Mostra de Teatro Galego de Cariño (47ª edición, do 3 ao 9 de agosto). Impulsado polo Concello de Cariño, sumou 14 representacións a cargo de Pedras de Cartón, Teatro dos Ghazafellos & Magín Blanco, Malasombra Producións, Teatro del Andamio, Grupo Chévere, Píscore, Berrobambán, Náufragos Teatro, Culturactiva Producións, Caramuxo Teatro, Galeatro, Zirko Txosko e Agrupación Assircopatas, así como da compañía de danza Fran Sieira.

Titiriberia (10ª edición, do 12 ao 17 de agosto). Organizado en Rianxo pola asociación cultural Morreu o Demo, o seu cartel contou cunha trintena de actuacións a cargo de 19 compañías, tanto galegas coma doutras comunidades e de Portugal. Seisdedos, Trécola, A Cova das Letras, Diáspora, Tanxarina, Larraitz Producións Artísticas, Laboratorio Fantoche, Babaluva, Nao Caracola e Os Monicreques de Kukas foron algúns dos representantes galegos.

Sacra Festival (7ª edición, 15 e 16 de agosto). Celebrouse en espazos únicos non convencionais da Ribeira Sacra, combinando patrimonio, viño e gastronomía coa arte e a cultura. Houbo danza comunitaria, mostras do taller de creación de Janet Novás e da residencia de escultura de Pamen Pereira e Che Marchesi, así como concertos de Dulzaro e Niño de Elche.

Festacrown Vilagarcía (24ª edición, do 18 ao 23 de agosto). Organizado pola promotora Culturactiva baixo o lema *A festa da risa*, é referente no panorama circense estatal, combinando a esencia galega con creacións internacionais. Ofreceu espectáculos de humor, maxia, contacontos, números circenses e de clown, integrando pezas realizadas por persoas con capacidades diversas, e contou coa súa tradicional gala solidaria a cargo da ONG Pallasos en Rebelría.

Imperdible (5ª edición, do 25 de setembro ao 5 de outubro). O Festival Internacional de Impro de Galicia estreouse este ano na listaxe de eventos que contaron co noso apoio. Ofreceu unha decena de espectáculos, galegos e procedentes de Madrid, Arxentina e Colombia, en diferentes espazos de Compostela, así como actividades de formación e encontros profesionais.

Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT) (34ª edición, do 25 de setembro ao 31 de outubro). Celebrado en Carballo, sumou 45 espectáculos con 11 estreos absolutas de produción galega. Baixo o lema *Raíz viva, memoria colectiva*, quixo poñer en valor a orixe e a tradición como símbolos de identidade propia e faros da nosa contemporaneidade, con propostas procedentes de tres países e nove comunidades autónomas, ademais dunha vintena de actividades.

Desfoga (6ª edición, do 2 ao 5 de outubro). Impulsado pola Asociación Compañía de Teatro Caracol en Cambados, explorou as diferentes estratexias que os artistas LGTBQ+ desenvolveron ao longo da historia para deixar pegada no imaxinario colectivo. Incluíu espectáculos de teatro, danza, *performance*, *sitespecific* e instalación interactiva a cargo de nomes como VACABurra, Mourae, Lucha Libre Rebelión ou Las Vedettes de Usera.

Festival Internacional Galicreques (30ª edición, do 11 ao 19 de outubro) Desenvolvido en diferentes espazos de Compostela da man da Asociación Barriga Verde, programou preto de 60 funcións cunha trintena de compañías de sete países e de sete comunidades. Como representación galega estiveron Os Monifates, Luis Vallecillo, Mircromina Teatro, K'Paparota e Danthea Teatro, Teatro Escena, Carmen Domech, Kalina Teatro, Bico de Toupa, Títeres Cachirulo e Nauta Teatro.

Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO). (18ª edición, do 16 ao 26 de outubro). Organizado por Sarabela Teatro, contou con 19 compañías e 24 funcións, combinando temáticas e disciplinas. Entre os nomes galegos figuraron Elefante Elegante, ButacaZero, Redrum Teatro e Producións Teatrais Excéntricas. Acolleu o debut das pezas desenvolvidas no proxecto *67 Graos. Ourense Fervescénica*, froito das bolsas de creación para promover o diálogo interdisciplinar entre artistas.



Un ano máis colaboramos coa **Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia (MIT)**, cunha achega de 60.000 euros mediante un convenio específico co Concello. A 41ª edición celebrouse en xullo, marcada pola incorporación dunha nova dirección artística formada por Sabela Mendoza como directora e Gena Baamonde como directora adxunta. Baixo o lema *Escenas en tránsito*, desenvolvéronse máis de 35 actividades repartidas en máis dunha ducia de espazos, facendo da MIT un festival expandido onde se presentaron 23 espectáculos de teatro, danza, *performance*, circo e artes vivas, coa participación de compañías procedentes de Galicia e o resto de España, de Portugal, Italia e Brasil.

Outra cita que contou co noso apoio foi a novena edición do festival internacional de ilusionismo **Galicia Magic Fest**, que arrincou a finais de decembro coas actuacións de seis figuras vencelladas á elite mundial da maxia e do ilusionismo. Desenvolveuse ata o 11 de xaneiro en 13 localidades galegas. O mago pontevedrés Pedro Volta é o impulsor do evento, que explora desde as grandes ilusións ata a micromaxia. Incluíu a entrega do primeiro premio Bordón Dourado, deseñado para recoñecer a traxectoria profesional dunha lenda do ilusionismo e que foi para a artista convidada, Juliana Chen.

Xunto aos festivais celebrados en Galicia, apoiamos a **Mostra Galiza Coimbra 2025**, coa que se deu continuidade á Mostra de Teatro Galego celebrada en 2023 nesta localidade lusa. O evento reuniu en outubro, durante 10 días, unha selección de espectáculos escénicos de produción galega e outras actividades musicais, artísticas e formativas, continuando a reforzar o intercambio creativo e os vínculos culturais con Portugal. As pezas exhibidas foron *Heller Keller, a muller marabilla?*, do Grupo Chévere, *As que limpan*, de A Panadaria, *Kyoki*, de Elefante Elegante, *Caminhos da terra*, de Paula Carballeira, *A serie clopen*, do CDG e *A nena que vivía nunha caixa de mistos*, de Caramuxo Teatro.

Xunto coa Rede Galega de Teatros e Auditorios e os festivais, impulsamos diferentes circuítos que percorren Galicia durante o verán para dar a coñecer as nosas artes escénicas por todo o territorio.

Cultura no Camiño (13ª edición, do 15 de xuño ao 31 de agosto). Xestionado tamén a través da nosa plataforma en liña *galescena.gal*, en 2025 chegou a máis de 38.000 espectadores, descentralizando a oferta cultural e dinamizando os concellos vencellados ás diferentes rutas do Camiño de Santiago. Cun orzamento de case 530.000 euros, levamos a 89 localidades máis de 300 funcións, das que 223 foron de artes escénicas.

Danza 3: (13ª edición, do 6 de abril ao 18 de outubro). En colaboración coa federación XOC (Xacarandaina da Coruña, Cantigas e Agarimos de Santiago de Compostela e O Fiadeiro de Vigo) facilitamos que a nosa cultura tradicional saia ao encontro da cidadanía e impulsamos a proxección social do rico patrimonio inmaterial que atesouran a música e a danza populares de Galicia. A programación chegou a 21 concellos e incorporou concertos de tocadoras de pandeireta en homenaxe á poesía popular oral representada polas cantareiras, ás que en 2025 se lles dedicaron as Letras Galegas.

O **Salón Teatro**, sede do Centro Dramático Galego, é un espazo de exhibición escénica da Xunta e peza fundamental na difusión das artes escénicas. Nel acollemos tanto as representacións da compañía pública como doutras formacións, así como diversos tipos de espectáculos e eventos. A súa carteleira de 2025 abriuse en xaneiro coa coprodución do CDG *Frágua de amor*, unha nova proposta do ciclo en lingua portuguesa **Quintas do Camões**. Neste mesmo mes presentamos en Compostela a coprodución *Nada se sabe*, espectáculo pioneiro arredor da inclusión que estendeu as representacións ata comezos de febreiro.

No segundo mes do ano tivemos a honra de acoller a gala de recoñecemento e homenaxe a **José Luis Bernal Farruco**, con actuacións sucesivas a cargo de populares monoloxuistas e contadores galegos que versionaron historias ou narraron anécdotas co homenaxeado como protagonista. Tras estas funcións foi a quenda do **29º Festival Internacional de Teatro Universitario**, organizado pola aula de teatro da Universidade de Santiago de Compostela e que se prolongou durante unha semana.

En marzo estreamos a nosa primeira produción propia do ano, *A mesa, a burra e o pau*, da que ofrecemos funcións ata finais de abril. En paralelo, durante os tres últimos domingos de marzo abrimos as nosas portas en sesión matinal para ofrecer *Fábrica de fume*, espectáculo comunitario inspirado no traballo dentro da factoría de cerámica de Sargadelos e creado en coprodución coa Federación Galega de Teatro Afeccionado no marco do proxecto *Phōnē*.

Abril arrincou con *Banco de probas*, o experimento artístico posto en marcha pola compañía Ainé para permitirilles aos profesionais testar os seus futuros espectáculos. Coñecidos nomes da comedia galega, como Xosé A. Touriñán, Oswald Digón, Pepo Suevos e Carlos Blanco participaron na iniciativa. O humor estivo tamén presente coa volta de *Improvisións*, a partir da obra *A mesa, a burra e o pau*. Participaron Susana Sampedro, Sheyla Fariña, Marta Doviro e Antón Coucheiro. Despedimos o mes coa presentación de dúas coproducións en Compostela: *rosalía, cartografía de ásperas ortigas*, estreada na localidade portuguesa de Castelo Branco, e *Profetas*, que tivo a súa estrea en Lugo.

En maio volvemos ser escenario de *Escenas do cambio*, o festival de teatro, danza e arte en acción, do que ofrecemos tres funcións, unha delas da coprodución do CDG *Roland mon amour*. Ademais, tivemos a honra de recibir a Oliver Laxe, Sergi López e Xavi Font no noso ambigú, onde deron a primeira rolda de prensa co trofeo acadado en Cannes por *Sirát*. Pechamos o mes coa estrea doutra das coproducións do ano, *O carteiro de Ximaraos*, e coa xira do actor arxentino descendente de galegos Gabriel Fernández, que ofreceu a obra *GALEGO*.

En xuño chegou a 12ª edición de **Galicia Escena PRO**, o mercado profesional das artes escénicas galegas do que somos un dos espazos de exhibición, neste ano con seis funcións. Recalaron tamén Euyín Eugene e Isabel do Diego para avanzar no desenvolvemento dos seus respectivos proxectos, *Tuerce* e *Brutalismo*, no marco das **Residencias Paraíso 2025**. A finais de mes démoslle espazo e visibilidade á escena máis inclusiva dan man do Grupo de Teatro Down Compostela cunha función da súa creación, *¡Que viene Manolo!*.



O concerto inaugural do encontro **Soundpainting Think Tank Compostela** abriu xullo, da man da Orquestra Galega de Liberación baixo a dirección de Walter Thompson e Xacobe Martínez Antelo. A música seguiu sendo protagonista co **XXI Encontro Galego do Saxofón**, que celebrou a 21ª edición combinando un curso de verán con concertos abertos ao público. O noso escenario acolleu a actuación do Ensemble Galego de Saxofóns, agrupación musical formada por participantes no encontro.

Abrimos setembro cun acto de **presentación da nova temporada, 2025-2026**, do Centro Dramático Galego, no que nos encheu de orgullo poder estar acompañados de medio cento de representantes de concellos, compañías e entidades culturais coas que colaboramos moi estreitamente no desenvolvemento da programación, aglutinada baixo o lema *O teatro, punto de encontro*. A primeira mostra da nova programación foi a estrea, neste mesmo mes, da outra produción propia do ano, **A serie clopen**, que permaneceu en cartel ata finais de outubro.

Nese segundo mes de funcións volveron as **Improvisacións**, desta volta con Soundpainting Big Banda baixo a dirección de Alfonso Medina e cunha chea de artistas multidisciplinares. Houbo tamén lugar para a música do **Festival Ateneo Barroco** cos concertos de Kenneth Weiss e de Capela Compostelana. Outubro rematou coa fase final na especialidade de teatro do certame **Xuventude Crea**, con oito funcións entre o 28 deste mes e o 1 de novembro.

Ao remate deste evento acollemos a **Gala Final do XVII Premio Fran Pérez Narf**, certame co que a Deputación da Coruña impulsa e reconece a creación musical feita en Galicia. A continuación volvemos despregar a pantalla grande como unha das sedes da 39ª edición do festival **Cineuropa**. Tras o cine foi a quenda do circo, co décimo aniversario de **D10 Encontro para a formación e innovación no circo**, que se prolongou ata finais do mes, despedíndose coa gala de entrega dos premios de novo circo galego Manu Lago, na que a nosa produción *A serie clopen* foi finalista.

En decembro chegaron ao Salón Teatro novas coproducións, **Berenguela na gaiola** e **José Afonso, ao vivo nos Coliseus, 1983**. Neste último mes do ano volveu tamén o teatro universitario da man da aula de teatro da USC coa estrea de **Irmás**, do dramaturgo francés Pascal Rambert e baixo a dirección de Roberto Salgueiro.

O número de citas culturais acollidas no Salón Teatro ao longo do ano foi de 211 ás que acudiron 21.000 persoas en 307 xornadas de apertura ao público.

No eido da danza cómpre sinalar o lanzamento dunha nova edición do catálogo dixital **Danza Galicia**, destinado a difundir a máis recente produción galega en eventos estratéxicos para o sector.

No que se refire á difusión internacional, destaca a incorporación do Centro Dramático Galego á **Unión de Teatros de Europa**, unha das principais e máis influentes asociacións europeas do sector. A súa adhesión foi aprobada pola asemblea xeral desta rede en recoñecemento á calidade, traxectoria e compromiso coas artes escénicas da nosa compañía institucional, que lle dá así un novo impulso á súa estratexia de internacionalización da dramaturxia e da profesión teatral de Galicia.



A compañía pública galega pasou a formar parte desta prestixiosa organización cultural, fundada en 1990 e impulsada por Giorgio Strehler co obxectivo de fomentar o intercambio profesional e artístico, ao tempo que promover unha Europa culturalmente aberta. Na actualidade, está integrada por 25 membros de 16 países e articula a súa actividade arredor de tres eixes principais: desenvolver colaboracións internacionais; preservar, transmitir e renovar o patrimonio teatral europeo, e impulsar proxectos innovadores que primen a diversidade cultural, o diálogo e a reflexión crítica con especial atención á inclusión, á igualdade e á sustentabilidade.

Os seus obxectivos entroncan co traballo que o CDG vén desenvolvendo nos últimos anos a prol dunha maior proxección exterior do noso teatro, así como co seu compromiso cunhas artes escénicas máis accesibles, inclusivas e sustentables.

Destaca tamén o novo acordo asinado coa emblemática mostra **Danza València**, en virtude do que dúas figuras xa destacadas na danza galega actual, Daniel Rodríguez, coa coprodución do Centro Coreográfico Galego *Transeúnte*, e Hugo Pereira, de Colectivo Glovo, con *Triade*, actuaron no certame que acolleu a capital valenciana en abril.

Por outra banda, apoiamos a participación da Asociación Cultural Morreu o Demo no **Congreso da Unión Internacional da Marioneta** celebrado en maio en Corea do Sur, onde acudiu con motivo do premio que este organismo asociado á Unesco lle outorgou en recoñecemento ao seu labor de recuperación do monicreque tradicional galego.

O Centro Dramático Galego continuou a tender pontes entre creadores e público das artes escénicas de Galicia e Portugal con **Ocupación Miñota**, un programa de actividades arredor do teatro, con sesións de formación, conversas e a exhibición de tres espectáculos no marco das Residencias Artista de Pontearreas en setembro. O proxecto luso Comédias do Minho organizou a iniciativa en colaboración coa nosa unidade teatral, na liña de fortalecer o tecido das artes escénicas galegas, apoiando tanto a produción como a formación e a difusión do teatro.

Durante cinco días presentáronse tres espectáculos de teatro abertos ao público: *Chegar a tempo ou sobre o desaparecemento*, *O duelo e outras historias* e *C...*, ademais de actividades dirixidas a profesionais do sector e tamén abertas á cidadanía.

A **28ª Fira Mediterrània de Manresa** volveu en outubro cunha programación con presenza galega no marco da nosa cooperación con este encontro catalán, co que buscamos abrir novas canles de distribución para os espectáculos dos nosos artistas, así como difundir a lingua, cultura e tradición que nos definen. Repetiu presenza Nova Galega de Danza, desta volta representada polo seu director, Jaime Pablo Días, á fronte da coprodución *Llavor*, e sumouse Daniel Rodríguez Cía. con *Transeúnte*, espectáculo coproducido polo CCG. A representación galega completouse coas propostas musicais de Aida Tarrío, coñecida pola súa traxectoria como parte de Tanxugueiras, e de Ailá, cuarteto compostelán, que tamén impartiu un obradoiro de iniciación ao baile tradicional galego.



Neste mesmo mes presentamos o novo programa **Foco Galicia Danza** para impulsar a presenza e a visibilidade dos espectáculos e profesionais do sector en eventos estratéxicos de alcance internacional. Foi o caso da 33.^a Quinzena de Dança de Almada International Dance Festival, que acolleu o arranque desta iniciativa cunha sección específica que incluíu as pezas *Lola y los lamentos*, de Andrea Castro; *Minguantes*, de La Guajira; *Coreografías dun DeMente*, de Fran Sieira Compañía de Danza, e *Ollos cara adentro*, de iXa. Incluíu, así mesmo, un obradoiro impartido por Xián Martínez, de iXa, e a asistencia de toda a delegación ás roldas de encontros con profesionais da programación cultural procedentes de diferentes países.

Con esta iniciativa queremos impulsar a cooperación institucional no eido da danza ao tempo que reforzar os contactos internacionais das compañías, tanto emerxentes como consolidadas, que traballan na nosa Comunidade, dándolles unha maior visibilidade á súa identidade propia e ao gran potencial creativo nun contexto mundial, e favorecendo unha maior circulación exterior dos seus espectáculos.

En outubro tamén tivo lugar **Mercartes**, a feira sectorial que se desenvolve en Valladolid cada dous anos baixo a organización da federación estatal FAETEDA e da Red Española de Teatros, Auditorios, Festivales y Circuitos de Titularidad Pública (La Red) para reunir axentes da cadea de valor do sector co obxectivo de xerar oportunidades de negocio, fomentar o intercambio profesional e consolidar vías de colaboración tanto a nivel nacional como internacional. Nela operou unha delegación dunhas 15 compañías e distribuidoras galegas de teatro e danza, á que prestamos apoio desde o expositor instalado baixo o lema *Galicia Escena Actual*.

Outra das nosas iniciativas máis importantes neste eido, **Galicia Escena PRO**, o mercado de artes escénicas, celebrou a súa 12.^a edición en 2025. Froito do noso apoio ao funcionamento da principal organización do sector, a Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas Escena Galega, o evento congregou na primavera 225 profesionais da programación, distribución e produción de espectáculos coa prioridade de favorecer a contratación dentro e fóra da nosa Comunidade das novas propostas das formacións escénicas de Galicia. Ademais de participar nas devanditas xuntanzas profesionais e de asistir ás 21 representacións de teatro, danza e circo en cartel, as persoas acreditadas tiveron a oportunidade de coñecer os 12 próximos proxectos das compañías galegas seleccionadas para as presentacións en formato *pitching*.

Tamén houbo lugar para o debate en dúas mesas redondas sobre as boas prácticas na distribución e o relevo profesional e xeracional no ámbito da programación escénica, así como para a música cun concerto do grupo Capital Voskov.

Os espectáculos galegos de teatro seleccionados foron *As gardiás ou o nó do tecelán* de Teatro de Ningures, *María Visitación Consolación Amadora*, de Loia Producións, *O proceso de Malasombra*, *Reconversión* de Ibuprofeno Teatro, *Tromsø* de Morraconto, *Ubasute* de Berrobambán, *Un deus salvaxe* de Talía Teatro e *Vitória* de Iria Pinheiro, así como as propostas de Os Náufragos Teatro con *Bulebule*, Xampatito Pato con *Compañía*, Aurora Artes Escénicas con *Maruxiña* e Redrum Teatro con *Os contos do Lobicán*.

En danza, puideron verse as pezas *Anfibia* de La Guajira, *Aurora Boreal* de Paula Quintas Cía., *Cicatriz* de Kirenia Danza, *Transeúnte* de Daniel Rodríguez e *Triade* de Colectivo Glovo, mentres que *Rogelio III. La fête* de AsSircópatas encadrouse no apartado de circo. A estes títulos, producidos na súa meirande parte co apoio das nosas subvencións á creación escénica, sumáronse outros tres espectáculos doutras tantas compañías convidadas dentro do acordo de colaboración con MADferia e Dansa València: a madrileña Nueveuno Circo con *Todo lo posible*, a valenciana Cía. Kiko López con *Honest* e o dúo gaditano Jessica Castellón & Boris Orihuela con *Cuentas corrientes*.

Xa dentro da programación exclusiva para profesionais, desenvolvéronse presentacións en formato *pitching* de 12 proxectos aínda en proceso de preparación: *A derradeira lección do mestre* de Chévere, *A metamorfose* de Sarabela Teatro, *Manual de patronaxe* de Teatro do Noroeste, *Oh, mammi blue!* de Cinema Sticado e *Xoguetes rotos* de Barrosanta e ButacaZero, *Galerock 'N' Magic* do Mago Teto, *Monte* de Laboratorio Escénico, *Ninguén tira fotos nos enterros* de Carlota e Compañía, *O arcón* de Noa de Amarelo Cía., *O espírito de Vania* de Machi Salgado, *Os Senteito* de Caramuxo Teatro e *Todas temos a mesma historia* de LaGriot'te.

2.3 Formación e innovación

En 2025 lanzamos o primeiro programa galego de emprendemento e formación en danza, deseñado e organizado conxuntamente coa Fundación Paideia Galiza e a Fundación EOI (Escola de Organización Industrial) co obxectivo de impulsar o talento e a profesionalización.

O obxectivo desta iniciativa pioneira enmarcada no Plan Integral para a Danza de Galicia é contribuír a consolidar e profesionalizar artistas e proxectos emerxentes, a través de dúas vías paralelas e complementarias: o programa de formación especializada *Emprendemento para artistas da danza e as artes do movemento* e o ciclo de conversas *Entre formas e palabras*.

O Centro Coreográfico Galego e Estudios Mans acolleron desde finais de marzo ata inicios de xullo o primeiro dos eixes desta iniciativa, o programa de formación especializada, destinado a definir o plan de viabilidade e desenvolver profesionalmente a vintena de proxectos seleccionados, facendo fincapé nas fases de xestión, produción, promoción, distribución, financiamento e mediación.

O obxectivo desta formación semipresencial, para a que se conta tamén co financiamento do Fondo Social Europeo Plus, é complementar o talento e impulsar novas ideas e propostas, abordando da man de destacados profesionais nacionais e internacionais aspectos que teñen que ver coa produción, mediación, plan económico, propiedade intelectual, márketing e comunicación, ademais dunha experiencia de cocreación.

Pola súa banda, o ciclo *Entre formas e palabras* articulouse arredor de seis encontros que combinaron relatorios con actuacións ao vivo, entre maio e outubro en cinco localidades galegas para favorecer o



intercambio, o debate e a reflexión arredor do papel dos profesionais da danza en Galicia e das novas tendencias no sector. Búscase, ao tempo, facer visible o seu labor como motores da industria cultural e promover as condicións necesarias para que os proxectos emerxentes teñan unha maior capacidade de profesionalización e de visibilidade, así como tecer redes e crear sinerxías con outros territorios.

As novas linguaxes nas artes do movemento foi o título da primeira das conversas, na sede coruñesa de Paideia Galiza; seguida de *A arte de narrar e o movemento*, na Cidade da Cultura de Galicia; *Tecendo redes*, no Festival Danza no Claustro, en Xunqueira de Espadanedo; *Danza sen fronteiras: un diálogo entre estilos*, no edificio da Delegación Territorial da Xunta en Lugo; *Da idea ao escenario: creación*, no Festival 6coreógrafas, na Estrada e *A danza no ollar do cine*, na Fimoteca de Galicia.

A finais de abril desenvolvemos na Cidade da Cultura de Galicia a xornada formativa **Accesibilidade e inclusión: visibilizar, sensibilizar, formar e compartir**, organizada xunto coa asociación Escena Galega para abordar as boas prácticas e as medidas prioritarias para continuar avanzando no obxectivo común dunhas artes escénicas cada vez máis inclusivas e accesibles. Un total de 65 responsables de espazos escénicos e de produtoras de espectáculos de toda Galicia participaron no programa de actividades.

A 10ª edición do **Encontro de Formación e Innovación en Circo D10!** celebrouse co noso apoio do 23 de novembro ao 2 de decembro en diferentes espazos de Compostela e Pontevedra, da man da compañía Pistacatro e con distintas actividades de capacitación e intercambio profesional, así como unha carteleira de espectáculos que amosaron a versatilidade e variedade desta disciplina. A cita incluíu tamén a segunda edición dos Premios Manu Lago, organizada pola APCG, que recoñece o talento emerxente e consolidado do circo galego.

Estivemos no **curso formativo sobre xestión, tramitación e xustificación de subvencións ao sector**, impulsado pola Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas-Escena Galega no marco da nosa colaboración coa entidade en formación, consultaría e capacitación profesional. Asistiron unha vintena de representantes de compañías e produtoras que, cun enfoque eminentemente práctico, afondaron nas axudas actuais da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, consideradas polo colectivo como as vías de financiamento público máis básicas para as compañías galegas, e nas canles de apoio convocadas polo Ministerio de Cultura.

Volvemos colaborar no programa da USC **Fáscas Culturais**, que ten como obxectivo prender a reflexión cultural nas aulas e complementar a formación do alumnado a través de intervencións e actividades culturais. A colaboración centrouse en *A mesa, a burra e o pau* mediante a proposta *Moito pau e pouca cenoria*, na que participaron estudantes de distintos graos universitarios con sesións de análise tras acudir ás representacións.

Pola súa banda, o Centro Coreográfico Galego acolleu en outubro o *workshop Imaxinario-Corpo* coa coreógrafa Paloma Muñoz. A sesión incluíu unha parte dedicada a un quecemento centrado na entrega



do peso, as aliñacións e traballo interno, e outra para traballar desde a creación, partindo de conceptos ou imaxes concretas.

2.4 Outras accións de dinamización

Danza en el Camino, o festival itinerante que mestura arte, danza e música con inspiración na ruta xacobeá, chegou en xullo a Galicia con paradas en Sarria, Portomarín e Santiago de Compostela como meta do percorrido iniciado en Huesca. Baixo a produción da compañía galega SÓLADOS, a iniciativa contou novamente co noso patrocinio para o seu desenvolvemento. As creacións das que puido gozar o público foron *Kowaw*, cos taiwaneses Hsin-Hsuan Yu e Szu Shihmin; *Adama*, de Mario Bermúdez; e *Asceta*, de Chey Jurado. A programación ampliouse coa proposta convidada da bailarina e coreógrafa galega Marcía Vázquez, que presentou *Onde pousa a humidade*.

O **Festival Abanea** celebrou entre o 16 e o 20 de xullo a súa cuarta edición cun programa de danza contemporánea que distribuíu 15 funcións entre Ames, Outes, Marín, Foz e Celanova co noso apoio. ISMO Cultura, colectivo organizador do encontro, estendeu así un ano máis a súa actividade de exhibición e dinamización ás catro provincias cos espectáculos *Alleo*, de Colectivo Glovo, *Burnt*, de Lasala, *A mona de seda*, de María de Vicente, *Unarys*, de Eszer, *Lola y los lamentos*, de Andrea Castro e *Seu aquí*, do Colectivo Banquet. Completan a listaxe Kiko López con *Honest*, Qabalum con *Todo este ruído*, Jacob Gómez con *Quema* e Fran Sieira con *Un baile ceibe*. No marco deste evento, a través do CCG, desenvolvemos o **Foro sobre distribución nacional e internacional da danza de Galicia**.

O festival de danza e artes do movemento **6coreógrafas** sumou a súa quinta edición en outubro na Estrada, cunha ampla programación de espectáculos e actividades formativas. Entre elas figurou o faldadoiro *Da idea ao escenario: creación*, con Rut Balbís e Paloma Muñoz; o obradoiro *Corpos en acción*, impartido por Raquel Ferradás; unha sesión vermú coa intervención de Alfonso Medina e o seu espectáculo de *soundpainting*; e as pezas de rúa *Diz-me meu amor*, de Raquel Ferradás e María de Vicente, *Monte*, de Alba Cotelo, *WTF!*, de Cris Vilariño e Diego Buceta, e *Alleo* de Colectivo Glovo. O programa completouse co obradoiro *Xogos en movemento*, dirixido por Arturo Cobas e un artista convidado.

Apoiamos o programa **TRC Danza**, organizado polo Teatro Rosalía Castro da Coruña para promover as artes do movemento coa exhibición de 12 espectáculos e 46 actividades de mediación para o fomento de públicos arredor desta disciplina escénica. Programada en dous bloques temporais de primavera e outono, ofreceu catro pezas no marco da Rede Galega de Teatros e Auditorios. O apartado de mediación contou tamén cun patrocinio específico para as actividades propostas co obxectivo de dar a coñecer dunha forma máis profunda o traballo das compañías e artistas, potenciando a súa visibilidade e reforzando os seus vínculos co público.



Así mesmo, estivemos nas **III Xornadas da Academia Galega de Teatro** *Teatro e sociedade: na procura dun público posible*, que reuniu no Pazo de Mariñán directores de escena, autores e responsables de programacións culturais para afondar sobre as distintas estratexias de cara á creación e fidelización de espectadores para a escena, a través de relatorios e exercicios prácticos. O director do CDG, Fran Núñez, foi un dos diversos profesionais que achegaron as súas experiencias e coñecementos.

En decembro asistimos á **V Xornada de Promoción Escénica e Musical de Galicia**, na que participaron preto dun centenar de profesionais da programación e a creación cultural co obxectivo de fomentar a contratación de espectáculos galegos. O encontro, desenvolvido en Ames, estivo impulsado pola Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas Escena Galega en colaboración coa Asociación Galega de Empresas Musicais e co noso apoio. Medio cento de axentes (47 de Galicia e tres de Portugal) responsables de distribuidoras, escenarios ou festivais do sector, así como representantes de 36 produtoras de artes escénicas e de 12 de música, déronse cita para presenciar distintos *showcases* e para formar parte da axenda de xuntanzas de negocios concertadas.

Ao final do ano Galicia fomos anfitrións do **IV Encontro anual da Rede Española de Teatros, Auditorios, Circuitos e Festivais de Titularidade Pública**, asociación cultural sen ánimo de lucro constituída por preto de 200 entidades públicas de artes escénicas de todo o territorio nacional e que celebrou os seus 25 anos de traxectoria a prol da actividade e a formación neste eido. Ao longo da xornada, que contou con máis de 80 asistentes, tratáronse asuntos como a accesibilidade nos espazos escénicos ou os desafíos contemporáneos das administracións públicas, así como os logros acadados no último cuarto de século pola entidade como principal plataforma asociativa do sector público de exhibición das artes ao vivo en España.

En 2025 seleccionamos a compañía encargada da coprodución do espectáculo teatral gañador da primeira fase da terceira edición da **Bolsa de dramaturxia e creación**, na que resultou elixido o proxecto do autor, director e actor Santiago Cortegoso, que titulou de xeito provisional *A furia de amanita*. A compañía adjudicataria foi Redrum Teatro, que conta cunha achega de 25.000 euros para levar a peza a escena, con dirección de Guillermo Carbajo e Alex Sampayo.

Un ano máis, apoiámos o desenvolvemento en Galicia de **Camiño Escena Norte**, o programa de teatro e danza promovido por Escena Galega para o intercambio cultural entre as comunidades polas que discorre a ruta xacobeá do Camiño do Norte. *Sementar, coidar e xermolar* foi o lema desta sétima edición, que tivo lugar en setembro e outubro coa participación de 18 compañías de teatro, circo, danza e artes do movemento de Galicia, Asturias, Cantabria, País Vasco, Navarra e, como nova incorporación en 2025, A Rioxa. A selección galega integrárona os espectáculos *Helen Keller, a muller marabilla?* do Grupo Chévere, *Multiperspectivas#3* de Paula Quintas Cía. e a versión en castelán de *Nanai da China*, de Pérez & Fernández,

A peza *Lémbreme/Spominaj na mnje/Gedenke mein*, creada en 2024 en coprodución con Theater Bautzen no marco do proxecto europeo **Phōnē**, no que, ademais de España, participaron Alemaña, Francia, Irlanda,

Italia, Noruega, Países Baixos e Romanía co obxectivo de contribuír á salvagarda da diversidade cultural e lingüística en Europa conectando as persoas a través do teatro, continuou sumando representacións. Neste ano, a montaxe percorreu diferentes escenarios de Alemaña e de Galicia.

En canto aos **Premios de Teatro María Casares**, que en 2025 chegaron ao seu 29º aniversario, colaboramos un ano máis na súa celebración no marco do acordo asinado coa Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG), organizadores desta convocatoria anual en recoñecemento público ao traballo dos profesionais do teatro galego. Nesta edición competiron como finalistas polas 16 categorías convocadas 17 espectáculos.

As propostas gañadoras coñecéronse como vén sendo habitual no decurso da gala desenvolvida no Teatro Rosalía Castro da Coruña. *Iribarne*, de ButacaZero, obtivo nove premios: espectáculo, dirección (Xavier Castiñeira), dirección de movemento (Sabela Domínguez), texto orixinal (Esther F. Carrodegas), actor protagonista (Anxo Outumuro), actriz protagonista (Lidia Veiga), espazo sonoro (Berto), vestiario (Diego Valeiras) e espazo escénico (Diego Valeiras e Xavier Castiñeiras). Este último premio foi compartido con *O dragón de ouro*, espectáculo de Sarabela Teatro que levou catro galardóns: adaptación-tradución (Catuxa Pato), actriz secundaria (Sabela Gago), iluminación (Laura Iturralde) e o xa citado espazo escénico (Iris Branco).

Os contos do Lobicán, de Redrum Teatro, conquistou o premio ao mellor espectáculo de monicreques, mentres que *Monstros*, de Producións Teatrais Excéntricas, acadou o de mellor espectáculo infantil. *Apaga o candil*, de Contraproducións, fíxose co galardón a Toni Salgado como mellor actor secundario e *Pum! Pum! Quen hai?*, de Ártika Cía., impúxose na categoría de maquillaxe (Rocío Salgado e Fernanda Barrio).

O noso apoio á creación literaria en galego no eido teatral a través dos tres **premios de literatura dramática** que convocamos bienalmente materializouse na publicación das obras vencedoras dos premios Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, no marco da colección que mantemos con Baía Edicións, Álvaro Cunqueiro para textos teatrais e Manuel María de literatura dramática infantil, estes últimos como parte da colección Biblioteca Dramática Galega, en colaboración con Edicións Xerais.

Trátase de *Manchea*, co que Andrea Freire se alzou co premio Barriga Verde na categoría de monicreques para a rapazada, e *O Faro*, polo que Carlos Labraña gañou na modalidade para adultos, así como *Incidencia muller pedra*, co que Avelina Pérez obtivo o XXVII Álvaro Cunqueiro, e *O carteiro de Ximaraos*, polo que Carlos Labraña recibiu o Manuel María de literatura dramática infantil e que neste ano foi levado á escena por Os Monicreques de Kukus en coprodución co CDG.

Ao peche do ano lanzamos a convocatoria para optar ás novas edicións dos tres premios de literatura dramática, cunha dotación global de 26.000 euros.



2.5 Producións e coproducións

En marzo estreamos no Salón Teatro *A burra, a mesa e o pau*, a primeira produción propia de 2025, que contou cun amplo elenco interxeracional de 15 intérpretes baixo a dirección e a dramaturxia de Lorena Conde. Preséntase como unha fábula arredor dunha familia obreira galega que mantén a esperanza nun golpe de sorte ou solución máxica para saír da precariedade na que vive a pesar da loita e o esforzo diarios.

Xúlio Abonjo, Maika Aguado, Beatriz Barcia, Xosé Manuel Esperante, Andrés Giráldez, Alixa Ladson, Roberto Leal, Mario López, Pablo Loureiro, Carla Mojón, Grial Montes, Paloma Otero, Paulo Serantes, Nelu Vermouth e Arantza Villar conforman o elenco deste “conto de fadas” sobre a clase obreira, no que conviven nomes cunha ampla e recoñecida traxectoria teatral con outros que se están abrir camiño nos escenarios, nun intercambio e enriquecemento interxeracional que se traslada tamén ás táboas.

En setembro inauguramos a nova temporada escénica coa estrea no Salón Teatro do espectáculo *A serie clopen*, segunda produción propia do ano e primeira co circo como eixe central. Con dirección escénica de Pablo Reboleiro, quen asina tamén a dramaturxia xunto con Clara Gayo, as artes circenses como clown, acrobacias, malabares ou aéreos foron protagonistas nesta montaxe multidisciplinar, na que a música e o humor teñen igualmente un peso importante á hora de propoñer unha reflexión crítica sobre o momento actual e os retos da mocidade.

O elenco estivo composto por Marián Bañobre, Luz García, Johanna Hess, Raquel Oitavén, Natalia «Pajarito», Inés Santos e Guillermo Solo, que poñen en escena unha historia arredor do circo, a historia e as matemáticas. *A serie clopen* permaneceu en cartel en Santiago de Compostela ata o 26 de outubro para logo representarse noutros cinco espazos de Galicia e Portugal.

Como en anteriores producións, a compañía institucional puxo á disposición dos concellos galegos a campaña de mobilidade *Sobes ao autobús do teatro?* para facilitarlles o desprazamento a Santiago de Compostela para asistir ás representacións. Mobilizamos así público de máis de 80 concellos en 72 rutas, con 2.653 persoas desprazadas.

Dispúxose tamén das habituais medidas de accesibilidade, entre as que se inclúe interpretación a lingua de signos, audiodescripción e subtítulos para o teléfono en 90 funcións realizadas en 10 localidades, das dúas producións propias deste ano e das coproducións *Nada se sabe* e *Manuela Rey Is In Da House*, que se seguiron programando. Houbo ademais as funcións descontraídas dos mércores cunha atmosfera acolledora e maior tolerancia respecto do ruído e movemento no patio de butacas.

Este compromiso coa inclusión fíxonos merecentes do recoñecemento por parte do Grupo Social ONCE coa concesión do **Premio Solidarios** na categoría de Administración Pública. Unha aposta, a do teatro inclusivo na que levamos anos traballando e que continuaremos desenvolvendo no futuro.

O número de funcións realizadas polos dous espectáculos de produción propia do CDG foi de 79.

No plano editorial, a colección de libros *O papel do teatro* que publicamos en colaboración con Edicións Positivas para difundir os textos das producións propias e algunhas coproducións do CDG sumou en 2025 dous novos títulos: *Nada se sabe* e *A burra, a mesa e o pau*, que viñeron ocupar os números 16 e 17 da serie e pasaron a estar á venda en liña na Librería Institucional da Xunta de Galicia e nos principais establecementos físicos.

En 2025 seguimos impulsando as **coproducións** no marco da nosa aposta pola dinamización da escena e polo reforzo da colaboración cos axentes do sector escénico e con outras entidades culturais.

No eido do teatro, estreamos as primeiras coproducións do ano en febreiro na Cidade da Cultura de Galicia no marco do ciclo *Clásicas Desfeitas*, con *Mala vida e peor morte do rei Ricardo III*, unha peza que confronta con humor o cruel retrato da traxedia de Shakespeare protagonizada polo monarca inglés, interpretado por Evaristo Calvo. Alessandra García e Antón Coucheiro traballaron xunto a el na dirección escénica, Ana Vallés como asesora de dramaturxia e movemento, Cristina Mourón Figueroa, como consultora no apartado histórico, e María Lado, no apartado de dramaturxia.

Neste mesmo ciclo integrouse *Medea–Mamá–Monstro*, de Laura Porto e Helena Varela. Trátase dunha obra itinerante na que a audiencia ten un papel fundamental, xa que debe buscar pistas, atender os testemuños de veciñas e familiares de Medea, e finalmente decidir se é culpable dos crimes que se lle atribúen: o asasinato de dous dos seus fillos como vinganza pola traición e abandono do seu ex-marido Xasón.

En febreiro unímonos á conmemoración do 188º aniversario do nacemento de Rosalía de Castro coa estrea da montaxe *rosalía, cartografía de ásperas ortigas* na localidade lusa de Castelo Branco. Coproducida co colectivo portugués ASTA-Teatro e Outras Artes e coa dirección escénica e dramaturxia do compostelán Roberto Salgueiro á fronte de catro intérpretes galegos e portugueses, a proposta teatral reflicte o pensamento e o legado da poeta padronesa a partir de textos e, sobre todo, versos da escritora tomados de *Cantares Gallegos*, *Follas Novas* e *En las orillas del Sar*.

Xa en marzo chegou ao Salón Teatro a estrea de *Fábrica de fume*, unha proposta de teatro comunitario que afonda no concepto de arte e industria a través da historia de Sargadelos. Celina Fernández Ponte e Ana Fontenla asinan a dramaturxia e a dirección de escena deste traballo que tivo a súa orixe no proxecto internacional de teatro en linguas minoritarias *Phōnē*. A montaxe contou coa interpretación dun elenco de 18 actores e actrices pertencentes á Federación Galega de Teatro Aficionado (Fegatea).

Outra das coproducións do ano, *Roland mon amour*, estreouse neste mesmo mes en Madrid, con Cris Balboa como autora, directora e intérprete desta peza de artes vivas na que mestura o son electrónico, a acción escénica e o movemento para converter o teatro nun acto de conexión íntima e compartida. O nome da obra, escrita durante a temporada 2022-2023 do programa de Residencias Dramáticas do Centro Dramático Nacional, ten a súa orixe no sintentizador Roland JD Xi que Balboa empregou para a súa *performance* sonora *Technocracia* e co que agora lle pon música á súa nova proposta.



Galicia Escena PRO



CDG: A serie clopen



CDG: A burra, a mesa e o pau

Lugo acolleu en abril a estrea de **Profetas** no marco da programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios. Elea López e Carlos Rebolo son os protagonistas deste espectáculo coproducido con Ítaca Teatro e dirixido por Carlos Álvarez-Ossorio que leva a escena a peza pola que o dramaturgo Ernesto Is obtivo o XVI Premio Abrente de textos teatrais da MIT Ribadavia en 2021. A obra presenta a El e a Ela, unha parella que, despois de romper a súa relación, volven a atoparse para recordar ao longo dunha noite os vellos tempos.

Diferentes espazos singulares do litoral galego foron o escenario en xuño e xullo da coprodución **Costa da Morte, cartografía dun naufraxio**. A creadora Mariña Lestón asina a dramaturxia, dirección e produción desta montaxe, que ela mesma pon en escena para propoñer unha viaxe pola nosa historia marítima a través de relatos reais e cantigas populares interpretadas en directo. A peza busca poñer en valor o pasado marítimo de Galicia como parte dunha identidade propia, atopándose co público en faros, peiraos, praias e outros lugares da Guarda, Ares, Arteixo, Cariño, Cedeira, Fisterra, Foz, Neda, O Grove, O Rosal, Ortigueira, Outes, Ribadeo, Sanxenxo, Soutomaior, Valdoviño e Viveiro.

En maio estreouse no Salón Teatro o espectáculo **O carteiro de Ximaraos**, coproducido coa compañía Os Monicreques de Kukas, e baseado na obra de Carlos Labraña gañadora en 2024 do noso Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil. Marcelino de Santiago “Kukas” e Isabel Rey interpretan cos seus bonecos esta historia, que mestura maxistralmente realidade e fantasía para abordar dúas temáticas de gran relevancia: o impacto emocional do mal de Alzheimer nas familias e o papel da memoria ligada ao correo postal como fío condutor das relacións humanas.

Outro dos títulos estreados no programa anual de coproducións foi **Punto en boca: entre fíos anda o lío**, espectáculo itinerante da creadora Raquel Crespo que, tras presentarse en Culleredo, xirou ata finais de agosto por unha trintena de localidades, maioritariamente en núcleos rurais. O espectáculo é o primeiro resultado dunha iniciativa social pola que a súa autora acadou o VI Premio Luisa Villalta para proxectos pola igualdade. A proposta propón unha reflexión sobre o valor dos oficios tradicionais e, en concreto, sobre o papel das mulleres no ámbito da costura e da industria téxtil, utilizando o teatro como ferramenta para divulgar e reivindicar estas profesións.

En setembro estreamos, no marco da Mostra de Teatro de Ribeira, **Heroes de decembro**, xunto a Acoraxe e Vórtice Escénico, e coa colaboración do Concello de Catoira. A peza é un drama contemporáneo de Eva Mir, cun código escénico innovador e comprometido coas novas xeracións dirixido por Sara Rey. Presenta catro persoas que participaron no programa de repoboación rural *Revivir* da Fundación Habitando, tras seren superviventes de tentativas de suicidio. A experiencia dos protagonistas no devandito proxecto abre un camiño para reflexionar sobre a saúde mental, a culpa ou a identidade desde a honestidade e o humor acedo.

Neste mesmo mes viu a luz **Berenguela na gaiola**, realizada xunto a Galeatro e Xarope Tulú. A obra, que foi recoñecida co Premio Manuel María de Proxectos Teatrais 2024, tivo a Paula Carballeira na dirección e

como responsable da dramaturxia realizada a partir da obra do autor chairego. O espectáculo, que tamén coprodución a Casa-Museo Manuel María e o Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo, onde se presentou, establece un diálogo entre xeracións e reivindica o dereito a existir con dignidade en todas as etapas da vida.

Novembro tamén foi o mes da estrea, no Porto, da coprodución **José Afonso, ao vivo nos Coliseus, 1983**, na que participamos, xunto a outras institucións culturais do país veciño: Teatro Municipal do Porto, Teatro Experimental do Porto, a Culturgest e o Cine-Teatro Louletano. Con dirección escénica de Gonçalo Amorim, a montaxe inspírase nos concertos de despedida do icónico cantautor portugués. Teatro, música e poesía mestúranse nesta proposta, que toma como referencia o xénero híbrido do Gig Theatre para combinar a enerxía dun espectáculo musical coa forza narrativa do teatro e fundindo as cancións e os textos nun relato coral sobre a amizade, a resistencia e a esperanza.

O número de funcións realizadas polas 12 coproducións do CDG en 2025 foi de 249.

Canto ao eido da danza, a primeira estrea dun espectáculo coproducido polo Centro Coreográfico Galego foi en febreiro con **Transeúnte**, de Daniel Rodríguez, que se presentou en Tui. Con catro bailarinas e bailaríns en escena, Javier de la Asunción, Laura García, Andrea Pérez e Daniel Rodríguez, e a música en directo de Aida Tarrío, de Tanxugueiras, e Artur Puga, de Mondra, a peza reflexiona e potencia a relación das novas xeracións coa tradición e o folclore neste mundo tecnolóxico e globalizado. Celebra a diversidade cultural, resalta a nosa conexión como seres humanos e lévanos a unha viaxe que honra o pasado, vive o presente e busca e abraza o futuro.


Xa en marzo viu a luz en Santiago de Compostela **Cicatriz**, espectáculo de danza contemporánea coproducido por Artestudio e o Centro Coreográfico Galego, que aborda por primeira vez a inclusión nesta disciplina. Con dirección e coreografía da bailarina galego-cubana Kirenía M. Acosta, a montaxe pon en escena o poema homónimo do polifacético artista galego Antón Reixa nunha proposta interpretada a dúo por ambos os dous. A peza destaca pola súa natureza híbrida, combinando danza, teatro, *performance*, poesía, instalación e música, coa intención de ampliar os límites tradicionais destas disciplinas para ofrecerlle ao público unha experiencia única e inmersiva.

A maiores, impulsamos con preto de 55.000 euros os novos espectáculos de danza de Colectivo Glovo, iXa e da compañía emerxente Artística Movemento Produccións. Foron *Alén, 52-Blau* e *Saias do mar* respectivamente. Trátase dos proxectos seleccionados no marco da novena edición do programa de coproducións no ámbito da danza e as artes do movemento, que desenvolvemos cada ano a través do Centro Coreográfico Galego, neste caso para a súa estrea en 2026.

As dúas coproducións estreadas polo Centro Coreográfico Galego en 2025 sumaron 18 funcións. Canto ao número de días de uso da aula de danza deste espazo, ascendeu a 258 xornadas.



3 | MÚSICA





O noso labor de impulso á música profesional galega deu como froito en 2025 diferentes medidas que viron a luz neste ano ou que quedaron definidas para ser postas á disposición do sector en 2026. ■ Entre as xa executadas destaca unha nova liña de axudas destinada a apoiar economicamente as distintas tarefas que conforman toda a cadea de valor, xa que cobre proxectos desde a creación ata a difusión. Este último aspecto, o da difusión, viuse reforzado ademais con outra das novidades do ano: a formalización do acordo para que Galicia forme parte de xeito normalizado da programación de *AIEnRUTa-Artistas*. ■ O nacemento, coa nosa colaboración, dos novos Premios da Industria Musical de Galicia, foi outro dos fitos de 2025, unha aposta máis a prol da visibilidade do conxunto de profesionais que fan posible a nosa música. A maiores, en diálogo constante co sector, avanzamos no Plan Estratégico da Industria Musical e sentamos as bases para o lanzamento no seguinte exercicio dunha convocatoria reformulada da Rede Galega de Música ao Vivo. O ano 2026 será tamén o dun paso máis alá no programa *Sonemerxente*, grazas ao traballo feito nestes meses previos.



3.1 Apoio á produción

En 2025 adxudicamos as achegas da nova liña de **axudas para proxectos de creación, produción, promoción e difusión musical**, a través da que se investiron 150.000 euros no apoio integral ás carreiras de artistas e grupos que desenvolven a súa actividade habitual en Galicia.

O obxectivo é contribuír ao desenvolvemento do talento musical galego, ao tempo que consolidar a cadea de valor desta industria cultural, de maneira que se favoreza a calidade dos proxectos, a profesionalización e a modernización, co foco posto no uso das novas tecnoloxías e a dixitalización. Neste sentido, as beneficiarias destas subvencións, que non poden superar os 15.000 euros por proxecto, son as empresas de *management* ou de edición fonográfica que traballan coas devanditas bandas e artistas no despegue ou a consolidación das súas carreiras.

Recibiron este apoio as iniciativas presentadas por Tremendo Audiovisual para o lanzamento de *Hibernarse*, proposta multiformato do dúo Fillas de Cassandra; Ernie Producciones para a campaña do disco *III*, de Grande Amore; e Play Plan Cultural para a gravación, edición e promoción do EP de Sabela.

De igual xeito, contaron con estas axudas Seispés Producións Creativas para o espectáculo de presentación do segundo disco de Mondra, *De ronda*; Nordesía Producións para a segunda entrega do proxecto en solitario do músico de blues Marcos Coll; Tremendo Audiovisual para o lanzamento e presentación de *Feira*, de DeNinghures; Urdime, para o plan de impulso da carreira de Alana; e Noente Paradise, para o novo traballo de Pablo Sanmamed.

Completan a listaxe de iniciativas outro dos proxectos presentados por Seispés Producións Creativas para *Lovismo*, de A Banda da Loba; 10D10 Soluciones Acertadas para o desenvolvemento artístico de *Danza luz*, de Leticia Rey; Eidon Música para *Súbete ao EVA*, de Filloas; e Regala Música para o novo do dúo feminino Crúas.



3.2 Apoio á difusión e distribución

En 2025 consolidamos o pulo dado ás subvencións para **actividades de distribución** o ano anterior, no que incrementamos a dotación un 30%, ata os 300.000 euros. Isto supuxo cambios na contía máxima por entidade subvencionada, que se situou nos 15.000 euros, así como no mínimo de funcións ou concertos das xiras propostas ou a posibilidade de incluír un 25% dos gastos xerais vinculados á actividade como parte do orzamento subvencionable. Recibiron o noso apoio 49 propostas musicais, que levaron a cabo máis de 200 actuacións. Ademais, viaxaron fóra de Galicia 41 artistas.

Entre as propostas apoiadas atópanse as xiras de Xabier Díaz & Adufeiras de Salitre, Mercedes Peón, Baiuca, Dakidarría, Luar na Lubre ou Bala. Ademais, entre outros artistas, beneficiáronse das axudas os concertos de Guadi Galego no Inverfest en Madrid e no Tierra Bobal Fest de Requena, e as actuacións de Sumrrá nos festivais Tropos-Cerezales de León, Terrer Priorat, Jazz de Vitoria ou Münsterland en Alemaña.

Fomentamos, así mesmo, a presenza de nove empresas en feiras profesionais fóra de Galicia, como BIME Pro (Bilbao), Mercat de Música Viva de Vic, Fira Mediterrània de Manresa ou Feria Internacional de la Música (FIMPRO) en México.

Festivais

Outra importante liña de apoio á difusión céntrase nos festivais, aos que destinamos este ano unha dotación de 320.000 euros polas convocatorias públicas, ademais doutras contías complementarias para iniciativas concretas. Os beneficiados foron nove eventos profesionais de música de diferentes estilos a través dos patrocinios da marca FEST Galicia e da convocatoria anual de subvencións específica. Estas dúas liñas forman parte da estratexia da Xunta para impulsar citas destacadas do calendario galego de festivais, desenvolvéndose de xeito coordinado co apoio de Turismo de Galicia a diferentes encontros de música ao vivo agrupados baixo o título Concertos do Xacobeo.

Os festivais adheridos en 2025 ao selo FEST Galicia foron catro, entre os que se distribuíron 270.000 euros: Rompetiño Jump Festival de Porto do Son, 17º Festival Ribeira Sacra en varios concellos desa zona, Sinsal SON Estrella Galicia na illa de San Simón (Redondela) e SonRías Baixas de Bueu.

O obxectivo desta marca da Xunta é a promoción de Galicia como destino musical baixo criterios de calidade e sustentabilidade, de xeito que os eventos que a integran reúnen unha serie de características singulares e identificadoras como valor engadido á experiencia musical, ademais de servir de plataforma para a diversidade e a pluralidade artística. Outra das prioridades é impulsar unha maior presenza da música galega nos eventos destas características, establecendo entre os requisitos de adhesión a contratación dun mínimo de catro bandas ou solistas de Galicia en cada un dos festivais.

Rompetiño Jump (9ª edición, do 4 ao 6 de xullo). Creado a partir dun proxecto do alumnado do IES Porto do Son, reuniu artistas de referencia do panorama estatal como Disobey, Soto Asa, Raúl Clyde ou Métrika, xunto a figuras da escena galega como Arce, Kike Varela ou Dirty Suc. Ademais despregou unha intensa actividade deportiva e de cultura urbana con competicións e exhibicións de *skate*, *basquet 3x3*, *bmx*, *breakdance*, *graffiti*, *skimboard* ou *parkour*. No marco do seu compromiso co talento local, houbo concertos gratuítos de formacións emerxentes como Leite con Jalletas, Capitán Sabrosura ou Paco de Leña.

17º Ribeira Sacra Festival (9ª edición, do 18 ao 20 de xullo). Esta cita que destaca pola súa integración na contorna e posta en valor do patrimonio e da natureza incluíu 15 actuacións xunto con gastronomía, arte e outras actividades de promoción do territorio nos concellos de Sober, Pantón, Monforte de Lemos e O Saviñao. Actuaron The Jayhawks, Julieta Venegas, Exsonvaldes, Wings of Desire, Ángel Stanich e Anxo Araújo. A programación completouse con Alondra Bentley, Cosmic Wach, Allova, Néstor Pardo, Rapariga DJ, Tristán DJ e Nanein DJ. Como novidade, celebrouse o Mercado Gastro(Arte)Sano,

Festival Sinsal Son Estrella Galicia (21ª edición, do 25 ao 27 de xullo). Celébrase na Illa de San Simón, en Redondela, sempre cun cartel sorpresa. En 2025 foron máis de 30 formacións chegadas dunha vintena de países, entre as que estiveron Azulcelestes, Cocanha, Dasom Baek, Bitoi, WaqWaq Kingdom, Arsenal Mikebe, Uche Yara, Fin del Mundo, Good Sad Happy Bad, Ammar 808 e Guedra Guedra. O público tamén puido gozar de sesións de DJs e de pases diarios da Orquesta Clásica de Vigo. Unha vez máis, á música sumouse unha programación paralela con experiencias gastronómicas, divulgativas e lúdicas.

SonRías Baixas (22ª edición, do 31 de xullo ao 3 de agosto). Organizado en Bueu, xuntou unha trintena de bandas e artistas de referencia no panorama musical estatal e galego, que abranguen estilos moi diversos. La Raíz, Baiuca, Sen Senra, Judeline, Cariño, Delaporte, Marlana, Nena Daconte e Carolina Durante, Alizzz, NDLR (Ninhodelosrecaos), Canteca de Macaco, Shego, Niña Polaca, Pipiolas e Sobrezero, Carlos Ares, Sabela, Grande Amore, The Rapants, Luís Fercán, Capital Voskov, Kike Varela DJ e Eme DJ son algúns dos nomes que subiron aos dous escenarios dun evento que ten na conexión co mar un atractivo máis.

No caso da convocatoria de subvencións para o fomento da contratación de artistas galegos en festivais de música organizados de xeito profesional. Dotada con 80.000 euros e dos que finalmente se adjudicaron 50.000, os beneficiarios foron Ateneo Barroco de Santiago de Compostela, Beatout Fest da Coruña, Encordass Fiddle Fest na illa de San Simón de Redondela, Murallón de Son en Silleda e The Wild Fest de Vigo.

Favoreceuse así a contratación dunha trintena de artistas nos cinco eventos. Con esta medida, búscase favorecer a participación da música galega en citas consideradas estratéxicas para o sector, que inciden



de maneira destacada na visibilidade e promoción do talento galego e que contribúen ao desenvolvemento das industrias culturais a través da promoción dunha xestión máis profesional. Os festivais que se acolleron á medida recibiron cadanseus 10.000 euros. Trátase de:

Encordass Fiddle Fest (5ª edición, do 26 ao 29 de xuño). O festival internacional de música de corda e violín popular organizado pola Asociación Cultural Galicia Fiddle centrouse no rebético, xénero musical grego. O cartel incluíu máis dunha trintena de artistas de todo o mundo, con galegos como Parbö, Maricarme, Antía Ameixeiras, Jako el Muzikante ou Abril, e, entre os internacionais, o dúo galaico-escocés Darach, a Chelsea House Orchestra e o grupo iraní Constantinople. A representación grega correu a cargo de artistas como Kelly Thomá, Christos Kanellos ou Rebetiko Trio.

Beatout Fest (5ª edición, do 20 ao 23 de agosto). Cita clave da cultura urbana en Galicia que fusiona música, moda, arte e deporte no parque coruñés de Santa Margarita. Ralphie Choo, DL Blando, Jolyyy, Ergo Pro & III Pequeño, Huda, Dirty Suc, Lua de Santana, Diegote, SuperReservao e West SRK son algúns dos nomes que subiron ao escenario, que xuntou recoñecidos artistas e novas promesas do panorama galego e nacional.

The Wild Fest (7ª edición, do 5 ao 7 de setembro). Este coidado evento de pequeno formato ten o parque forestal vigués de San Miguel de Oia como emprazamento. Destaca polo seu cartel de maioritaria representación galega, con bandas consolidadas como Sr. Salvaje, Netta Rufina e Los Mortymer, ademais das emerxentes Supergigante, Exeria, Gargantúa e Martin Human. O público puido gozar, así mesmo, doutras actividades lúdicas para todas as idades nun formato multidisciplinar, sostible e familiar.

Murallón de Son (4ª edición, 4 e 5 de outubro). Silleda acolle este festival que flutúa entre o rock, o punk e o rap. Organizado pola asociación Festibandeira, combina música, gastronomía e actividades ao aire libre. Nel púidose desfrutar dos concertos de Biznaga, Bala, Josetxu Poperrak, Amygdala, Faul, Hugo Guezeta, De_mo DJ, Comeback Kris, Cremita, Señora DJ, Sororas, Arremecághona's Producións e Brais das Hortas.

Festival de Música Antiga e Barroca (7ª edición, do 8 ao 22 de outubro). Organizado polo Ateneo Barroco en diferentes localizacións de Santiago de Compostela, estruturouse en seis concertos de diversas temáticas, dous presentados en primicia. Aos conxuntos galegos Ars Atlántica, Camerata Boccherini e Capela Compostelana, uníronse artistas como a soprano María Espada, Enrike Solinis ou Kenneth Weiss. Como actividades paralelas houbo conferencias, encontros, improvisacións, cinema e un club de lectura.

Á marxe dos beneficiarios destas liñas de axuda, ao longo de 2025 celebráronse máis festivais que contaron co noso apoio:

Festival Internacional de Música de Ourense Pórtico do Paraíso (18ª edición, do 9 ao 18 de maio). A súa aposta de unir música con destacados espazos patrimoniais incorporou unha ampla oferta pedagóxica, con formacións a cargo dos artistas e concertos didácticos para escolares. A igrexa de Santiago das Caldas, o Liceo de Ourense, o Pazo de Vilamarín e o mosteiro de Oseira acolleron as actuacións, a cargo do cuarteto vocal valenciano Quinta Essencia, da especialista italiana Irene Brigitte acompañada polo laudista luso Pedro Martins, da guitarrista australiana Stephanie Jones e da formación Spanish Brass.

Acento (6ª edición, 21 de xuño). A Fundación SGAE organizou un ano máis en Compostela este evento musical para conmemorar o Día Europeo da Música e reivindicar o uso do galego como lingua de expresión artística, con propostas que representan diferentes sonoridades urbanas da nosa actual escena musical. Así, as actuacións correron a cargo do dúo compostelán Boyanka Kostova, a viguessa de ascendencia brasileira Lua de Santana e o rimador de Muros 9Louro.

Compostela Trad Fest (27 de xullo). Herdeiro do antigo Certame Folk de Santiago de Compostela, enmárcase nas festas do Apóstolo cunha programación de música, obradoiros, ruadas, gastronomía e artesanía que este ano se sumou á homenaxe ás cantareiras do Día das Letras Galegas. Baiuca, Tres Pesos, Cocanha, Chruinne, Pesdelán, Mediarea, Xiro, Faltriqueira, Irmaus da Raia Seca, a Banda Municipal de Música de Santiago e o gaiteiro Pedro Lamas protagonizaron os concertos.

Festival de Jazz de Lugo (35ª edición, do 1 ao 15 de novembro). A Asociación Amigos do Jazz de Lugo Escobijazz organiza este encontro referente en Galicia no seu ámbito. Acolleu 24 concertos en diferentes espazos da cidade a cargo de nomes galegos, como Beater Jazz Collective, o trompetista Ricardo Formoso, Seada Quartet, Kike López Septeto, Wealman e a Xove Orquestra de Lugo Terra Nova, e referentes mundiais como Chucho Valdés e o seu Royal Quartet, Victor Wooten & The Wooten Brothers, Jazzmeia Horn, Yumilto e Pocket Corner.

Algunhas outras citas ou eventos do calendario musical galego que tiveron apoio para conformar as súas carteleiras foron o **Festival do Mundo Celta de Ortigueira**, o **Facela Fest** de Lugo, o **Osa do Mar** de Burela ou os **Premios Opinión de Música de Raíz**.

No que respecta a eventos relevantes para a industria musical, por propoñer formatos que combinan o encontro profesional con concertos para toda a cidadanía e nos que colaboramos, figuran:

Encontro Internacional Soundpainting Think Tank (27ª edición, do 6 ao 13 de xullo). Apoiamos a celebración en Compostela deste evento itinerante, que combina sesións profesionais con actividades abertas ao público. Participaron máis de 30 artistas de todo o mundo especializados na técnica dunha lingua de signos aplicada á composición multidisciplinar en tempo real, que o público puido desfrutar nos recitais celebrados en diferente espazos da cidade.



Festival Maré (6ª edición, do 24 ao 28 de setembro). Colaboramos no encontro *Maré Pro*, desenvolvido en Santiago no marco deste festival como plataforma de intercambio cultural para establecer contactos cos profesionais da programación cultural chegados de 10 países. Incluíu sesións de mentorías, presentacións e de networking, ademais dos concertos de Sofía Espiñeira, Davide Salvado, Germán Díaz e Benxamín Otero, e Quico Comesaña.

SiSons Enclave Musical (5ª edición, do 10 ao 12 de outubro). MusicArte e a Asociación Cultural Tres por Cuatro impulsan este encontro con *showcases*, mesas profesionais e concertos, moitos deles abertos ao público. As xornadas profesionais incluíron paneis sobre dereitos de autor, apoios á industria musical e festivais internacionais, mentres que o programa artístico o conformaron Kreze, Francisco Moreira, Crúas, Melón Jiménez, Lara Wong, Neval, Aksak, Se Kadra e Leni Pérez, Bala, Acouga, Adhara & Ritman, Exeria, Billy Flamingos, De Ninghures, Lenda Ártabra, Fiandola, Coanhadeira e Maghúa, xunto con KMKR e Alexia.

Por outra banda, volvemos colaborar coa **Asociación de Amigos de la Ópera de A Coruña** para a organización da 73ª temporada lírica a través dun convenio dotado con 160.000 euros. O eixe central desta edición foi a posta en escena de *Carmen*, de Bizet, no ano en que se conmemorou o 150º aniversario da súa estrea e do pasamento do afamado compositor francés.

Así, a primeira gran cita foi esta ópera, representada a comezos de setembro baixo a dirección do prestixioso director de escena Calixto Bieito. A montaxe reuniu sobre o escenario preto de 100 artistas xunto á Orquestra Sinfónica de Galicia baixo a dirección musical de Gianluca Martinenghi nun extraordinario espectáculo cun elenco encabezado por Sofija Petrovic como Carmen; Brian Michael Moore como Don José, Jean-Fernand Setti foi Escamillo e María José Moreno como Micaela.

A programación continuou coa ópera de Mozart *La finta semplice*, cunha produción propia íntegra de Amigos da Ópera e asinada por Gianmaria Aliverta, e cunha gala protagonizada polo soprano venezolano Samuel Mariño e pola *première* de *Pélleas et Mélisande*, a única ópera composta por Debussy, que serviu para clausurar a edición deste ano, en decembro.

A maiores, volveuse apostar por transmitir a maxia da ópera a escolares a través de dúas sesións dobres de Ópera Kids, onde participaron máis de 1.000 rapaces. Previamente realizouse un traballo conxunto nos centros educativos. A programación completouse cun curso de interpretación vocal, catro concertos gratuítos do Ciclo Lírica Inclusiva e varias proxeccións durante novembro.

En canto á colaboración anual que temos coa **Federación Galega de Bandas de Música Populares**, en 2025 incrementamos a contía ata os 200.000 euros, para reforzar as actividades deste colectivo. Este aumento na dotación do 42% respecto a 2023 permitiu a celebración de novas actividades, como recuperar o concurso *CreaSons* e levar a cabo dous encontros das súas bandas sinfónicas, ademais de garantir a continuidade do Certame Galego de Bandas, do Concurso Galego de Composición, que aca-

daron cadansúa 18ª edición, e o Festival de Bandas Infantís e Xuvenís, que cumpriu a súa oitava convocatoria.

O certame celebrouse en outubro no Pazo da Cultura de Pontevedra coa participación de 20 bandas con máis de 1.300 intérpretes con idades entre os seis e os 87 anos, na que foi unha das edicións máis multitudinarias. Ás formacións galegas, sumáronse este ano dúas leonesas, catro procedentes de Portugal e unha de Colombia, reforzando así o carácter internacional do evento e a cooperación musical entre territorios.

O concurso arrincou coa sección infantil, na que competiron a Banda Infantil da Unión Musical de Meaño, a Banda Infantil da EMM de Veguellina de Órbigo (León) e a Chikiband 2.0 de Xinzo de Limia. Nas agrupacións xuvenís houbo propostas de Galicia (Arca, A Estrada e Ribadumia) e de Colombia (Banda Sinfónica Juvenil de Caldas).

Xa pola tarde, desenvolveuse a competición da Sección Segunda coa Banda Filarmónica Ovarense de Portugal, a Banda de Música Juventudes Musicales Universidad de León, a Banda de Música de Arca e a Agrupación Musical da Limia.

O programa do domingo incluíu as actuacións das seccións terceira, na que participan as formacións de Coruxo e Bembrive (Vigo), Tui, Padrón e Tenorio (Cerdedo-Cotobade), e primeira, con tres agrupacións portuguesas (Loivos, São Cipriano e Fermentelos) e a Banda Artística de Merza.

Ademais, Manuel Iglesias Martínez, integrante da Banda de Música Popular Airiños do Morrazo, de Moaña, recibiu nesta gala o trofeo honorífico *A toda unha vida* por máis de catro décadas dedicadas a dirixir, formar e acompañar as novas xeracións musicais.

Salas de concertos

As salas de concertos xogan un papel fundamental a prol da difusión e, conscientes disto, mantemos a convocatoria bienal de subvencións da **Rede Galega de Música ao Vivo** con 400.000 euros destinados á programación 2024-2025 das salas privadas que forman parte deste circuito autonómico. Queremos así garantir a estabilidade na oferta musical en directo, ao tempo que se impulsa a contratación de solistas e grupos galegos e a presenza de artistas femininas. Os requisitos de contratación foron consensuados coas principais entidades representativas dos colectivos implicados: Músicas ao Vivo e Asociación Galega de Salsa de Música ao Vivo (Clubtura).

A través desta liña subvenciónase o 100% da oferta, integramente galega, dos seis espazos que integran a Rede Galega de Música ao Vivo na tempada 2024-2025: A Pousada da Galiza Imaxinaria (Boiro), Sala La Room (Ferrol) e Guión Clube (Pontedeume), na provincia da Coruña; o Club Clavicémbalo da capital lucense, na de Lugo; A Arca da Noe (Vilar de Santos), na de Ourense, e La Pecera (Vigo), na de Pontevedra. Cofinánciase ademais a programación paralela das devanditas salas. A suma dos concertos celebrados en todos estes locais ao longo de 2025 superou os 200.



Ademais, estivemos traballando xunto ao sector na reformulación deste circuío. Unhas conversas que deron como resultado a publicación o 10 de decembro no Diario Oficial de Galicia da nova convocatoria de Programación musical en salas privadas 2026-2027, da que agardamos dea como resultado a celebración duns 140 novos concertos no devandito bienio.

Entre as novidades, cómpre sinalar que as solicitantes destas axudas, que anteriormente recaían nas propias salas, deberán ser agora empresas galegas que promovan servizos no ámbito da música ao vivo, incluíndo promotoras, *managers*, axentes e organizadoras de eventos, para o desenvolvemento de programacións de concertos de carácter profesional en salas privadas da Comunidade nos anos 2026 e 2027.

No que se refire aos puntos destacados das bases, sobresaen o impulso da música galega e a presenza feminina nestes carteis, o establecemento dun caché artístico mínimo de 250 euros, a limitación para as promotoras solicitantes de non presentar unha programación con máis dun 20% de formacións musicais da súa axencia ou o foco nos novos talentos, que deberán conformar o 20% da proposta.

Outros circuítos de difusión

No eido da difusión da música cómpre sinalar o circuío formado pola **Rede Galega de Teatros e Auditorios (RGTA)**, constituída en 1996 para impulsar a distribución dos espectáculos galegos en colaboración con 43 administracións locais asociadas e un total de 46 escenarios membros, xa que en 2025 se sumou como escenario o auditorio Afonso Eanes do Cotón, en Negreira. O orzamento neste ano superou os dous millóns de euros, cofinanciados ao 50% coas entidades locais xestoras, para ofrecer unha programación que incluíu 560 funcións escénicas e musicais. No apartado musical, foron unha trintena de concertos os levados a cabo por 29 artistas e grupos.

A finais do ano puxemos en marcha unha auditoría técnica para a inspección de 47 espazos da RGTA, xa que se incluíu a Casa da Cultura de Outes, que se incorporaría en 2026. Buscamos así obter un inventario completo e actualizado de materiais e medios humanos dedicados a cada escenario que sirva como base para o futuro Plan de modernización das infraestruturas culturais e a progresiva adecuación ás últimas normativas de accesibilidade e seguridade. O obxectivo é que se garantan as mellores condicións para que artistas e persoal desenvolvan as súas actividades.

As contratacións destes espectáculos levámolas a cabo a través de ***galescena.gal***, o principal instrumento de traballo para todos os axentes que teñan relación coas nosas programacións, como compañías, grupos de música ou programadores. Trátase dunha intraweb que facilita a xestión das nosas redes de programación, de xeito que todos os trámites de inscrición, contratación e rexistro de asistencia, entre outros, se poidan facer a través desta ferramenta.

Por outra banda, a música tivo tamén protagonismo na 13ª edición do ciclo de exhibición de espectáculos ***Cultura no Camiño***, xestionado a través da nosa plataforma en liña ***galescena.gale*** co que descentralizamos a oferta cultural e dinamizamos os concellos vencellados ás diferentes rutas do Camiño

de Santiago. Cun orzamento inicial de case 530.000 euros, entre o 15 de xuño e o 31 de agosto levamos a a 89 localidades máis de 300 citas escénicas e musicais a cargo de 170 formacións artísticas galegas. Foron 89 os grupos de música participantes, que levaron a cabo case 90 concertos de moi distintos estilos.

No apoio adicional á difusión da nosa música, colaboramos coa xira ***Vacanal Sinfónica*** do grupo De Vacas, que ofreceu a finais de decembro o primeiro dos cinco concertos previstos. Celébrase así o 10º aniversario da formación musical que integran Inés Salvado, Faia Díaz, Paula Romero e Guillermo Fernández. Trátase dunha revisión en clave sinfónica e operística dos seus grandes éxitos xunto ás máis de 50 voces do compostelán Coro da Ra, baixo a dirección de Ramón Bermejo, ademais dunha orquestra mutiinstrumental que interpreta arranxos asinados polo compositor Lucas Rei. A posta en escena está deseñada por As Dúas e Punto. O patrocinio inicial a ***Vacanal Sinfónica*** facilitou a súa continuidade en 2026 con catro novas citas co público noutras tantas localidades galegas.

3.3 Formación e innovación

En decembro colaboramos na **V Xornada de Promoción Escénica e Musical de Galicia**, na que participaron preto dun centenar de profesionais da programación e a creación cultural co obxectivo de fomentar a contratación de espectáculos galegos. O encontro desenvolveuse en Ames impulsado pola Asociación Galega de Empresas Musicais e a Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas-Escena Galega. Medio cento de axentes (47 de Galicia e tres de Portugal) responsables de distribuidoras, escenarios ou festivais do sector, así como representantes de 36 produtoras de artes escénicas e de 12 de música, déronse cita para presenciar distintos *showcases* sobre os espectáculos propostos e para formar parte da axenda de xuntanzas de negocios concertadas con antelación.

Tamén ao final do ano impulsamos en Santiago de Compostela, xunto coa Fundación Paideia Galiza, o ***Vermú musical***, que congregou na sala Riquela Club máis de 70 persoas, entre artistas e público xeral, para celebrar o novo talento musical galego con concertos, entrevistas e *networking*. Contou coas actuacións de Candela Liste e de Javier Lago, que tamén compartiron cos asistentes a evolución dos seus respectivos proxectos musicais. A manager e produtora Patricia Hermida conduciu este encontro, no que entrevistou, así mesmo, a Law, Yas de Luaces e Davide Leira, do grupo Maghúa, outros tres artistas que representan o dinamismo da nova escena musical galega.

O ***Vermú musical*** contextualízase no ámbito das dúas edicións da aceleradora ***Sonemerxente*** e no marco da continuación dese mesmo programa a través de ***Sonemerxente+***, un paso adiante nesta iniciativa que permitirá ao longo de 2026 ofrecer novamente apoio integral aos artistas para maximizar a súa visibilidade, mellorar a súa carreira profesional e crear un contorno que lles permita medrar de forma sostible no mundo artístico. Así, creárase unha oficina de *management* especializada na xestión e



desenvolvemento profesional de cinco artistas emerxentes das dúas edicións da aceleradora co obxectivo de establecer estratexias personalizadas, brindando recursos en áreas como a organización de eventos, relacións públicas, asesoramento artístico e estratexias de marketing para facer máis visible e rendible o seu proxecto musical.

Pola súa banda, O **Grupo de Música Tradicional de Galicia**, dependente da Xunta e integrado polos mestres gaiteiros Xosé Ramón Bugliot, Carlos Taboada, Xoán Carlos Rilo e Daniel Romero, continuou en 2025 a súa actividade didáctica con obradoiros sobre os instrumentos tradicionais galegos, así como con actuacións en eventos especiais para a interpretación de temas do repertorio galego máis popular, moitos deles con arranxos realizados polos propios membros da banda. O número de talleres impartidos en centros de ensino foi de 49 e neles participaron 2.320 estudantes.

3.4 Plan Estratéxico da Industria Musical

En 2025 seguimos avanzando no primeiro **Plan Estratéxico da Industria Musical de Galicia**, da man da Asociación Galega de Empresas Musicais, que agrupa máis de 50 firmas e profesionais das catro provincias.

Despois das fases previas de análise da situación do sector e dos seus recursos e da articulación dos correspondentes sistemas de avaliación que aseguren o seguimento dos obxectivos marcados, durante 2025 celebráronse da orde de 25 reunións internas con todas as asociacións profesionais que integran a cadea de valor. Estas xuntanzas deron como resultado un primeiro borrador que se concretará ao longo de 2026 como base para configurar o documento definitivo do Plan coa vista posta no horizonte do 2030.

3.5 Outras accións de internacionalización e promoción

Unha das novidades da nosa acción durante 2025 foi o acordo pechado coa Asociación de Intérpretes ou Executantes (AIE) para que Galicia forme parte de xeito normalizado da programación de **AIEnRUTA-Artistas**, un dos circuitos de concertos máis consolidado e de maior proxección a nivel estatal. Isto garantiu a presenza da música galega en distintos escenarios do resto do Estado grazas á nosa implicación nesta iniciativa que se vén desenvolvendo con moito éxito por salas de toda España.

Kyr4, The Rapants, Boyanka Kostova, Eladio y Los Seres Queridos, Mad Martin Trio e De Ninghures son as bandas e artistas de Galicia que forman parte do seu cartel ata xuño de 2026. Galicia súmase así a Madrid, Cataluña e País Vasco para contar cun foco propio no marco do programa **AIEnRUTA-Artistas**, de xeito que os grupos da nosa Comunidade foron seleccionados por un comité experto de entre a trintena de propostas galegas presentadas nas correspondentes convocatorias semestrais de AIE.

No segundo semestre de 2025, The Rapants ofreceu concertos en León, Barcelona, Valladolid e Madrid. Pola súa banda, a artista coruñesa de música urbana Kyr4 estivo en Cáceres, Zaragoza, Zamora e Málaga, mentres que o dúo compostelán Boyanka Kostova levou a súa proposta a Sevilla, Murcia, Barcelona e Oviedo.

Ao tempo, **AIEnRUTA** desenvolveu ata final de ano 15 actuacións de grupos doutras comunidades en oito salas galegas: A Pousada da Galiza Imaxinaria de Boiro, Garufa Club da Coruña, Clavicémbalo e Tebras de Lugo, Café Cultural Auriense de Ourense, A Casa das Crechas de Santiago de Compostela, e La Pecera e Radar Estudios de Vigo.

AIEnRUTA-Artistas celebrou en 2025 o 30 aniversario da súa posta en marcha como programa pioneiro de música en directo, que busca facilitar o intercambio cultural entre diferentes comunidades e fornecer un circuito estable nas salas de concertos de toda España. Desde entón, ten organizado 5.470 concertos, con 1.092 artistas e grupos, en 554 locais de 142 cidades.

Como accións en continuidade, seguimos a impulsar a expansión exterior da música galega e a potencialidade do noso talento no sector a través de citas como a **28ª Fira Mediterrània de Manresa**, un evento estratéxico de relevancia para avanzar na proxección exterior da música e a danza en Galicia, xa que é un dos principais mercados internacionais para as propostas que empregan a raíz, a tradición e a cultura popular como motor creativo. Celebrada en outubro, ao abeiro desta colaboración, a súa programación musical incluíu a Aida Tarrío, coñecida pola súa traxectoria como parte de Tanxugueiras, co seu novo proxecto musical xunto ao produtor catalán Raül Refree: *Gala i Ovidio*, ademais do cuarteto compostelán Ailá para presentar *Tradimensional*. Avanzamos así no camiño pola cooperación iniciada hai xa dous anos.

Tamén no eido musical mantemos cada ano o noso compromiso cos seus galardóns específicos, os **Premios Martín Códax da Música**, que en 2025 chegaron á súa 12ª edición organizados pola asociación Músicas ao Vivo. A gala celebrouse en Pontevedra en maio, con 45 finalistas. Recoñcéronse 15 categorías



musicais nos que resultaron gañadores María Domínguez en Música clásica e música contemporánea; Brais das Hortas en Música infantil; FanfarriaTaquikardia en Música do Mundo e Mestizaxe; Os John Deeres en Rock e punk; a Banda de Música Municipal de Caldas de Reis en Bandas de Música Popular; Helena Egea en Blues, funk e soul; e Nadie González en Músicas Urbanas.

Xunto a estes artistas, Sabela obtivo o galardón en Pop e indie; Orquestra Galega de Liberación en Jazz e músicas improvisadas; Faia en Música tradicional; Brutal en Metal e Heavy; Rumia en Electrónica; De Ninghures en Música Folk e A Banda da Balbina en Orquestras, grupos e músicas de verbenas. Pola súa banda A Pedreira, de Ugia Pedreira, foi recoñecida como mellor Canción de autora.

Os tres premios Organistrum, dirixidos a salas, festivais e espazos de comunicación musical foron para Festas do Barrio de San Pedro, en Santiago de Compostela, Sala Rebullón, de Mos, e Cuac FM, da Coruña, respectivamente. Entregouse tamén o galardón honorífico ao grupo Leilía, e o de mellor proxecto de artista emerxente a Paracetafolk.

O sector musical galego sumou en 2025 novos galardóns coa celebración da primeira entrega dos **Premios da Industria Musical de Galicia**, impulsados pola Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM) co noso apoio no marco do plan estratéxico para a industria musical galega. Os obxectivos son visibilizar e poñer en valor traxectorias e proxectos que destacan polo seu compromiso coa creatividade, a innovación, o respecto e a sustentabilidade, e que son exemplo para o avance profesional no eido musical desde unha óptica eminentemente empresarial. Neste sentido, a súa finalidade é tamén recoñecer valías individuais e colectivas que están a fortalecer a industria musical como motor cultural, social e económico.

No evento, que tivo lugar en Santiago de Compostela, outorgáronse os premios ás persoas e traballos distinguidos en 17 categorías. Delas, as 14 outorgadas por un xurado profesional comprenden desde deseños de iluminación, son, provisión de servizos, produción discográfica e de concertos, *management*, posta en escena, promoción ou programación, comunicación, identidade visual ata videoclips, eventos ou espazos musicais. Ademais, dous dos premios foron decididos co anterioridade pola directiva de AGEM: os que recaeron en Carlos Ares como Artista do ano e no músico e promotor Francisco Gómez *Gandy*, como Persoa do ano. Para a votación do público reservouse o premio á mellor experiencia, que recaeu no festival pontevedrés Surfing The Lérez.

Pola súa banda, Teresa Tresandí obtivo o galardón a Mellor deseño de iluminación por *Diluvio*, de Tanxugueiras; Iago Blanco a Mellor implementación de son por *La máquina del buen rollo*, de The Rapants, Juan de Dios a Mellor produción discográfica por *Feira*, de De Ninghures, e Marina Oural e Ugia Pedreira a Mellor posta en escena por *Síntese horizonte*, de Guadi Galego. Tamén resultaron recoñecidos Xabi Carnota como Mellor profesional de produción, Kin Martínez, como Mellor mánager, Julio Gómez e Luis Campos, de Sinsaludio, como mellores promotores/programadores, e Lara Caeiro, Sandra Montero, Noemí Solla, Kika V Ramil, Arantxa Brandón e Fillas de Cassandra como Mellor identidade visual por

Hibernarse de Fillas de Cassandra. *Hibernarse* levou a maiores o galardón a mellor videoclip, que foi para Santi Iglesias, Sergio Steel e Fillas de Cassandra.

Completan a listaxe Vacaliñe como Mellor empresa provedora de servizos, BringtheNoise, como Mellor proxecto de comunicación por ResurrectionFest Estrella Galicia, Sala Capitol como Mellor espazo musical e Festival da Luz como Mellor proxecto de sustentabilidade.

GalicianTunes

Durante 2025, a web galiciantunes.com continuou a ser espello e altofalante de toda a variedade e calidade da música que se fai en Galicia na actualidade. A plataforma dixital é xa unha referencia como medio de comunicación no seu ámbito, cun incremento de visitas de persoas usuarias desde distintos países.

Ao longo dos 12 meses rexistrou 48 novas incorporacións, na súa maioría artistas e grupos: Dani Cornes, Acid Roots, Xiro, Nadadora, Xel Prada, Arsenio Keilin, Eris MacKenzie, LANASA, Grey City Funk, Futuro Alcalde, Madame Rachel, Digital Mother, Brumeigho, Marcos Álvarez González, Nagalith, Leni Pérez e Sekadra, Remora, Dani Costas, Lisdexia, raze, Luciférnaga, MAN THE RIVER, DOGO, LAW, Adira, Trobeiros da Ponte, Lula Mora, Lontras, Bico!!, Miguel Seoane, Grandío, Inusual, Viernes y Furia, Allo Negro, Scarecröw, Anosmic, Zeltia Irevire, Miguel Matamoro, PEITOESCURO, ALIJOSS, arde, Vimbio, Hugo Guezeta, Melodiam, Ghørxa, Valró, Los Tónikash e Baleas.

Así, galiciantunes.com pechou o ano con referencias de 832 formacións artísticas con perfil propio, 3.592 vídeos, información de 2.680 discos, 28 festivais e 35 empresas. Publicáronse 79 noticias na web, das que 44 foron entrevistas dos artistas e grupos destacados en cada semana, 337 entradas en Facebook e 179 en Instagram, así como máis de 120 accións sobre listas de reprodución, YouTube ou Spotify, coa renovación constante de novidades nesta última plataforma.



4 | ACCIÓNS
TRANSVERSAIS



A transversalidade do noso labor de apoio á cultura reflíctese en múltiples iniciativas de carácter multidisciplinar que abranguen os diferentes ámbitos deste sector e que contan tamén coa nosa colaboración. Trátase de eventos ou programas canalizadores de intereses e inquedanzas compartidas polos diversos profesionais que desenvolven o amplo abano de tarefas que fan posibles os produtos e servizos culturais. ■ Acontece con Culturgal, punto de encontro referente para axentes culturais e inmenso escaparate do seu labor, no que participamos activamente cada ano. A maiores del, en 2025 tamén fomos parte doutros dous importantes foros profesionais que sitúan a nosa Comunidade no epicentro da creatividade e o traballo artístico: Galicia Design Week e FEED. ■ Por outra banda, e xa como iniciativa transversal propia, neste ano volveu *Territorio Cultura*, nunha nova aposta de descentralización para levar a riqueza do noso sector cultural á poboación galega do rural con propostas que buscan ao tempo poñer en valor o patrimonio, as tradicións e a poboación das contornas nas que se desenvolven.



4.1. Territorio Cultura

En 2025 lanzamos unha nova convocatoria do programa **Territorio Cultura**, retomando a liña de subvencións que en 2022 e 2023, ao abeiro do Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia dos Fondos Next Generation EU, facilitou a posta en marcha dunha trintena de iniciativas de descentralización e innovación cultural en 85 municipios. Esta terceira xeira de Territorio Cultura conta para o seu financiamento cos fondos que o Estado distribuíu entre as comunidades autónomas segundo o acordado no Pleno da Conferencia Sectorial de Cultura.

Así, repartimos 300.000 euros entre 12 proxectos multidisciplinares e de iniciativa privada para ampliar e diversificar a oferta cultural en preto de 60 concellos do rural galego. Nalgúns dos casos inclúense, ademais, accións de intercambio e colaboración noutras comunidades autónomas co mesmo obxectivo de dinamizar culturalmente os núcleos non urbanos.

Outra das finalidades de *Territorio Cultura* é activar procesos culturais que afonden nos vínculos individuais e sociais co territorio, ofrecendo novas oportunidades laborais, estables e de calidade dentro do sector. De aí, que esta convocatoria se dirixise especificamente a empresas, fundacións e asociacións culturais, tendo en conta a súa maior incidencia na profesionalización da cultura.

Os proxectos subvencionados desenvólvense entre 2025 e 2026 en concellos de menos de 10.000 habitantes, ou de ata 30.000 no caso dos de menor densidade poboacional, concentrándose maioritariamente nas provincias de Lugo e Ourense.

Territorio Novoneyra, nova edición da proposta coa que a Fundación Uxío Novoneyra conmemora o 25º aniversario do pasamento do poeta cunha programación que se desenvolve maiormente en Folgoso do Courel e se estende tamén a Pedrafita do Cebreiro, Quiroga, Becerreá e O Incio, ademais de contemplar accións en Cataluña, Madrid, Canarias e Castela-A Mancha.

Habitar-nos, da Asociación Cultural Sacra Experience, para reforzar a través da cultura o tecido social, a participación cidadá e a creación de redes entre aldeas en risco de despoboamento en Chantada, O Saviñao, Carballedo, Taboada, Friol e Monforte de Lemos.

Sarria<30, de Ouvirmos, para fomentar o emprendemento cultural entre a mocidade desa comarca.

Vendaval, segunda edición da mostra itinerante de cinema portugués organizada pola Asociación A Memoria é Náufraga en oito concellos da Ribeira Sacra.

O Castro Art Village, proxecto multidisciplinar de cine, artes visuais, educación, patrimonio e antropoloxía levado a cabo no Saviñao, Samos, Pantón e Taboada.

Campo aberto. Prácticas culturais para un tempo común, programa de A Casa Vella para a investigación, a creación e o intercambio arredor das artes vivas e visuais, a formación, o patrimonio ou a videodanza, con epicentro na súa sede da aldea de Amiadoso, en Allariz, mais tamén con actividade



en Nogueira de Ramuín, Sarreaus, Viana do Bolo, Cualedro e Sandiás, así como en Baleares, Cataluña ou País Vasco.

Laboratorio mutante. Paisaxes candentes, con Manzaneda como núcleo desta proposta de cultura comunitaria, que Outonía leva tamén ao Bolo, A Veiga, Vilariño de Conso e Viana do Bolo, ademais de a Asturias, Castela e León, Extremadura e Madrid.

Tecedora SÓLIDOS, de Neodans, onde a danza conflúe coa música, o circo, a gastronomía e a artesanía como parte dun programa que se desenvolve en Xunqueira de Espadanedo, Nogueira de Ramuín, Melón e Baños de Molgas, no concello lucense de Portomarín e en Aragón.

Festival Clásico Ribeira Sacra, con sede na Peroxa e que propón co gallo da súa oitava edición unha serie de recitais de música de cámara e residencias nunha decena de concellos de Ourense e de Lugo.

A Carriza, programación de artes escénicas, patrimonio oral, saberes tradicionais, medio ambiente, tecnoloxía e patrimonio material organizado por aAntena para públicos diversificados da Costa da Morte e doutras comunidades (Andalucía, Asturias, Castela e León e Extremadura).

Da barraca á aula, desenvolvido pola Asociación Morreu o Demo no rural de diferentes puntos de Galicia: Laxe, Valdoviño, Vilasantar, Meira, O Vicedo, Pol, San Cristovo de Cea, Xínzo de Limia, Xunqueira de Ambía, A Estrada, Lalín e Silleda.

A radio (o audiovisual) do patrimonio. A memoria compartida, de Casa de Tolos, que segue o modelo de *Ponte... nas ondas!* para a posta en marcha de seis procesos participativos en Mondariz-Balneario, Quiroga, San Cristovo de Cea, Muros, Castro de Rei e Ribeira de Piquín.

4.2 Culturalgal

Un ano máis, a Xunta foi a principal institución patrocinadora de **Culturalgal**, que en 2025 celebrou a súa 18ª edición da man do colectivo asociativo do mesmo nome e cunha nova estrutura integrada pola Asociación Galega de Editoras (AGE), Empresas Galegas Dedicadas a Internet e ás Novas Tecnoloxías (Eganet), PuntoGal, Espazo Coop Unión de Cooperativas Galegas e Asociación de Profesionais da Xestión Cultural (APXC).

Nesta edición, ademais, reforzamos o apoio económico cunha suba de case o 6% na contía do convenio de colaboración, que ascendeu a 90.000 euros fronte aos 85.000 do ano anterior.

A feira desenvolveuse do 28 ao 30 de novembro no Pazo da Cultura de Pontevedra, onde reuniu máis de 750 profesionais. Sumou unhas 200 citas programadas entre espectáculos, presentacións, obradoiros, exposicións ou mesas redondas que chegaron tamén ao concello de Ribeira, grazas ao Culturalgal Expandido posto en marcha en 2023 para descentralizar as actividades e incrementar a implicación activa de entidades de todo o territorio galego.

Ademais da achega económica, organizamos un destacado número de actividades incluídas no programa, que sumou arredor de 225 propostas, entre espectáculos, proxeccións, adiantos de proxectos, obradoiros ou mesas redondas.

Así, o expositor da Xunta de Galicia acolleu directamente unha decena delas, como un avance do proxecto *Territorio Regueifa*, de Ainé en coprodución co Centro Dramático Galego e o FIOT de Carballo, con Lupe Blanco, Josinho da Teixeira, Manolo Maseda e Touriñán; catro pases da proposta circense *Sen patrón*, a cargo da compañía Pistacatro, Premio Nacional de Circo 2025; e dúas quendas do obradoiro *A árbore dos desexos. Un Nadal no Gaiás*, pensado para promover a reciclaxe e a creatividade entre a cativada. Ademais, a compañía iXa ofreceu unha *performance* a partir da montaxe de danza *52 Blau*, coproducida polo Centro Coreográfico Galego.

Houbo tamén dúas sesións de contacontos con Cris de Caldas, outras dúas de maxia con Óscar Fernández, o inicio da proposta *Ven e baila* coa participación do Grupo de Música Tradicional de Galicia, e a entrega dos premios do público aos mellores proxectos de videoxogos galegos no marco da mostra organizada pola asociación Videoxogo.gal coa nosa colaboración.

Por outra banda, durante os tres días de feira o expositor da Xunta ofreceu, da man da Cidade da Cultura de Galicia, unha ducia de pases para visionar a instalación de realidade virtual *Castelao. Mirar por Galicia*.

Entre a programación promovida pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude nesta 18ª edición de Culturalgal destacaron así mesmo os espectáculos de apertura e de clausura, con *Saias do mar*, proposta de danza a cargo de Artística Producciones en coprodución co Centro Coreográfico galego, e o concerto de Óscar Ibáñez & Tribo, respectivamente.



Outras citas destacadas foron a presentación de *Memorias dun neno labrego*, espectáculo a partir da icónica novela de Neira Vilas impulsado polo Centro Dramático Galego xunto a Contraproducións; os denominados *Circo-Cafés* do Encontro de Formación e Innovación en Circo D10!; o avance de *Pensión incompleta*, primeira serie televisiva nas catro linguas oficiais do Estado que Voz Audiovisual produce para TVG, EITB e 3Cat con subvención da Xunta; ou as xornadas Somos Cultura Somos Coop, organizadas por Espazo Coop con motivo do Ano Internacional das Cooperativas.

Nas vésperas de Culturgal e no mesmo contexto desta última cita, celebrouse tamén co noso apoio o 26 de novembro na Cidade da Cultura de Galicia o evento *Cultura no ano internacional das cooperativas*, promovido por EspazoCoop en colaboración coa Confederación Española de Cooperativas de Trabajo Asociado (COCETA), co obxectivo de impulsar e difundir o cooperativismo no sector.

O compromiso do Goberno galego con este encontro de referencia para a cultura galega responde ao seu papel como o único evento de Galicia aberto a todo o sector e aos seus públicos. Así, a Feira das Culturas Galegas-Culturgal funciona como escaparate de difusión dos produtos e servizos culturais cara á cidadanía, pero tamén como oferta cultural e lúdica de concertos, representacións escénicas, proxeccións audiovisuais, sinatura de libros ou coloquios, entre outras actividades.

4.3. Outras accións

Colaboramos por vez primeira co evento artístico multidisciplinar *Galicia Design Week*, que chegou á súa sexta edición na Coruña en maio cunha ampla programación de 21 actividades. Coloquios, exposicións, sesións musicais e gastronomía conformaron a proposta que ten como obxectivo poñer en valor un eido creativo de gran potencial e transversalidade, entre a creación cultural e a produción industrial. A iniciativa tamén persegue fomentar o sentido de pertenza e de comunidade, abrir o deseño galego ao exterior, impulsar colaboracións e proxectos comúns, observar boas prácticas e amosar en Galicia traballos paradigmáticos que se fan noutros territorios.

O calendario estruturouse en catro eixes: Pro, con 13 conferencias e dous obradoiros, Show, con dúas exposicións ao aire libre nas rúas da Coruña, Sessions, a parte máis festiva do evento con varias citas musicais, e Off, que comprende distintas iniciativas realizadas en colaboración con axentes culturais e sociais da cidade.

A liña Show completouse cun *showroom*, un escaparate dixital de creacións e espazos de artistas de Galicia que tamén dispuxo dun punto físico destinado a amosar e poñer á venda traballos das protagonistas da zona profesional desta edición, entre as que se atopan nomes tan recoñecidos como a produtora Canada, a tipógrafa Marta Cerdà ou a directora teatral Marta Pazos. O apartado musical integrárono DJ Certain People, e DJ Gulya, tamén ilustradora, acompañada das obras visuais de Héctor de la Puente.

Este encontro, único festival de deseño do noroeste peninsular, forma parte da organización internacional World Design Weeks.

Outra das accións transversais coas que queremos apoiar o conxunto das industrias culturais materialízase na nosa colaboración co *Foro de Edición e Deseño FEED 2025*, que se celebrou en novembro na Cidade da Cultura de Galicia. A nosa implicación neste encontro bienal impulsado pola Asociación Galega de Deseño (DAG) vén desde o seu inicio, en 2006, no marco do apoio aos sectores culturais e creativos con iniciativas que permiten non só o desenvolvemento individual de artistas, senón preservar a actividade e o emprego no ámbito das industrias culturais en xeral.

Na súa oitava edición, o Foro de Deseño continuou apostando por tender pontes entre os ámbitos formativo, profesional e empresarial, fomentando a colaboración e o intercambio de experiencias. A súa programación desenvólvese arredor de relatorios, coloquios, un taller e outras actividades paralelas, co obxectivo de inspirar, reflexionar sobre os retos do sector e abrir novas vías de colaboración.

Entre as novidades desta edición estivo o OFF FEED, orientado ao alumnado das escolas de deseño e onde se abordaron temas clave como as licenzas tipográficas, o deseño accesible, os avances do Arquivo do Deseño Galego, así como unha dinámica sobre perspectiva de xénero neste ámbito.

Pola súa banda, a sesión *Diálogos para sinerxías. O papel do deseño no desenvolvemento empresarial*, organizada en colaboración co Instituto Galego de Promoción Económica, centrouse en fomentar a conexión entre o deseño e o tecido produtivo galego a través do intercambio directo de experiencias entre profesionais e empresas. As persoas inscritas puideron asistir tamén a relatorios de profesionais de distintas axencias, a un obradoiro sobre pensamento en clave de futuro e a unha mesa redonda sobre creación e intelixencia artificial.

5 | ANEXOS

1. Liñas de subvención

TOTAL DE PROXECTOS ADXUDICATARIOS

424

TOTAL DE EUROS ADXUDICADOS

9.057.366,21€

■ Audiovisual

PROXECTOS

168

CONTÍA

6.457.202,89€

■ Subvencións para o desenvolvemento de actividades en salas cinematográficas de carácter comercial situadas en Galicia

PROXECTO	PERSOA BENEFICIARIA	CONTÍA
Caldas de cine	Santiago Díaz García	15.000,00 €
Programacións de cinema europeo-Campañas de promoción dirixidas especificamente ao público infantil	María Alonso Rivero	8.000,00 €
